

Erna

REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA
E MEIO AMBIENTE



Primavera 2001

Número 32

450 Ptas.

ESPECIAL AGROECOLOXIA


Vacas tolas
Transxénicos

Chúvia ácida

Celulosas

Protección do litoral
Porto exterior en Ferrol

Roteiro
Pola Serra do Candán





O medio ambiente, @ punto.

XUSTA
DE PENOSA



¿NA COSTA
DANESA, ONDE OS CISNES
FORMAN PARTE DA
PAISAXE?

¿NUN LUGAR ONDE A
NATUREZA E A INDUSTRIA
COEXISTEN EN HARMONÍA?

¿NO PAÍS DOS
HIPERBÓREOS, CUN DOS
CISNES DO CARRO DE
APOLO?

A punto de que?

A natureza galega é cada vez menos rica e variada. Os dez anos de Gobernos Fraga teñen contribuído a iso de forma ben destacada. Na última década, as concentracións parcelarias mal feitas destruíron moitos miles de hectáreas de bosques autóctonos e sebes. Os eucaliptais avanzaron como nunca e xa representan máis da cuarta parte do monte arborado. O promedio anual de incendios forestais duplicouse. Canteiras, minicentrais hidroeléctricas, parques eólicos,... deterioran os espazos naturais más valiosos, protexidos só no papel ou nin iso. O afeamento da paisaxe é xeralizado. SOGAMA SA está situando a Galiza á cabeza de Europa en incineración e á cola en reciclaxe e compostaxe. A produción de lixo crece a un ritmo alarmante. O encoro de Caldas de Reis, os depósitos de combustíbel do porto de Vilagarcía de Arousa, Celulosas-ELNOSA, as centrais térmicas de carbón de As Pontes e Meirama,... son só algúns exemplos dunha Galiza suxa en mans de intereses privados que só loce nun mundo virtual.



LAGARES, NA RÍA DE VIGO, NUN ALARDE DE RECUPERACIÓN MEDIOAMBIENTAL.
E O CISNE NO É O DE APOLÓ, SENON UN DOS QUE BOTARA CUNHA NO RÍO
INDUSTRIA (ENCE-ELNOSA) COA NATURALEZA NON SON PRECISAMENTE MÓDÉLICAS.
ESTAMOS EN COMBARRO, NA RÍA DE PONTEVEDRA, ONDE AS RELACIONES DA

ACTUALIDADE

4 EDITORIAL: VACAS TOLAS

5 EN DEFENSA DOS RIOS

6 AS "PATERAS" DA PREPOTÉNCIA E O SERVILISMO NO RIO ÚMIA

CHÚVIA ÁCIDA

9 NOVA DIRECTIVA E EVOLUCIÓN EN GALIZA E EN EUROPA

RAMÓN VARELA

LITORAL

12 LEI DE PROTECCIÓN DA AGUA DAS RIAS

MANUEL SOTO

14 XESTIÓN INTEGRAL DO LITORAL

CRISTINA ÁLVAREZ BAQUERIZO

15 PORTO EXTERIOR DE FERROL

ADEGA-TRASANCO

18 PLANTA DE GAS NA RIA DE FERROL

ANTÓN FORTUNA

AGROECOLOXIA E VACAS TOLAS

19 AS PROPOSTAS DE ADEGA

DANIEL VISPO E MANUEL SOTO

21 EPIDEMIOLOXIA DA EEB NO REINO UNIDO

ENRIQUE A. GONZÁLEZ

22 HORTA ECOLÓXICA NA GALIZA

XURxo MOURÍNO

25 ESTATÍSTICAS DA AGRICULTURA

ECOLÓXICA

MANUEL SOTO

26 ENTREVISTA A CATRO PRODUCTORES/AS DE ALIMENTOS ECOLÓXICOS

COMISIÓN DE AGROECOLOXIA DE ADEGA

28 ALIMENTACIÓN E TRANSXÉNICOS

ELVIRA CIENFUEGOS

CELULOSAS

32 XUIZO Á ENCE-ELNOSA POR DELITO

ECOLÓXICO

ANTÓN MASA

A NATUREZA NA LITERATURA

35 ELEMENTOS ECOLÓXICOS NA OBRA DO

"IRMÁN DANIEL" (III)

EMILIO XOSÉ ÍNSUA

ROTEIRO

38 POLA SERRA DO CANDÁN

MARTÍN NERCELLAS

42 "VIA RÁPIDA"

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCAMA

43 ACTIVIDADES / AXENDA

XESTIÓN INTEGRAL DO LITORAL

O pasado verán constituiu-se o Foro Aberto para un Futuro Natural e Productivo das Rías Galegas, cuxo traballo a prol dunha verdadeira Lei de Protección do Litoral culminou cunhas xornadas celebradas en Arousa, nas que se presentou unha análise crítica do proxecto de "Lei das rías" e un avance da Resolución sobre a Xestión Integrada do Litoral da Comisión Europea. Asimismo, analizouse o impacto ambiental do porto exterior e da planta de gas na ría de Ferrol (pax. 12-18).



CASTELAO: SEMPRE EN GALIZA

A actualidade do discurso de Castelao fica patente no seguinte parágrafo do *Sempre en Galiza* que reflecte acabadamente o resto do contido deste número de Cerna:

"Eles foron os supersticiosos do progreso. Adouraban o misterio da electricidade no mágare do arco voltaico, creían que a cultura viña polos aramios, ollaban nas máquinas a salvación do mundo, e para eles a letra de molde non podía mentir. Andan vestidos á moda que acaba de pasar, fúxen da raxeira do sol, tapándose con sombrillas, falan castelán por señoritismo, desprezan a cencia dos labregos e mariñeiros, pintan de aluminio os balcóns da súa casa e sintense moi orgullosos de que nas alamedas da súa cibade medren as palmeiras de África" (pax. 35-37)

CONTRACAPA

Con este número iniciamos unha colaboración de Xacobe Meléndrez Fassbender -fotografía- e Manuel Rivas -poesía. Xacobe Meléndrez Fassbender é natural de Tegucigalpa (Honduras), galego de adopción (Cecebre) e ecoloxista de conciencia. Ten participado en diversas exposicións e publicacións colectivas, destacando a sua exposición individual IDENTIDAD EQUILIBRIO que consta de 30 fotografías. Ten recibido o recoñecemento do Concello de Santiago e da Universidade da Coruña en diferentes concursos. Folgamos dar dato alguno sobre Manuel Rivas, com cuxa colaboración temos contado noutras ocasións, e qué agora nos brinda algúns poemas inéditos.



Xacobe Meléndrez

WEB: www.xk3foto.com

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Silvia Amor, Xan Carmona, Elvira Cienfuegos, Emilio Ínsua, Daniel L. Vispo, Santiago Ortiz, Xesús Pereiras, Pepe Salvadores, Manuel Soto.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecológica de Galiza). Primavera - 2001

Tanto en artigos como noutras colaboracións, respeita-se a normativa lingüística do autor. CERNA non se fai copartícipe, necesariamente, das ideias, opiniões e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, exceptuando as fotografías de portada e contra portada, para as que será necesario contar co permiso dos autores. CERNA edita-se en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuir á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.



REVISTA GALEGA DE ECOLOGÍA Y MEDIO AMBIENTE

Telf. e Fax: 981 570 099

Rúa de Touro, 21. 1º

15704 Santiago de Compostela

E-Mail: adega@crv.es, [Web: www.crv.es/~USERS/adega/](http://www.crv.es/~USERS/adega/)

CADRO DA CAPA
Xosé Ramón Morquecho

FOTOGRAFÍA DA CONTRACAPA
Xacobe Meléndrez

DESENHO
Xan G. Muras

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN
Grafinova, S. A.

Depósito Legal: C-913-1986
ISSN: 1136-2677

A XUNTA APROBOU O PLANO HIDROLÓXICO DE GALIZA-COSTA

FORTE OPOSICIÓN AO PLANO HIDROLÓXICO ESPAÑOL

No momento de redactarmos esta información, o Proxecto de Lei do Plano Hidrolóxico Estatal (PHE) estase a debater nas Cortes Xerais. As multitudinarias manifestacións contra este Plano celebradas en Zaragoza, Barcelona e Madrid, as críticas de cualificados expertos e as numerosas alegacións presentadas (entre elas as de ADEGA) non foron capaces de conseguir a retirada do PHE, mais si de introducir algúns cambios positivos no Anteproxecto de PHE presentado polo Ministerio de Medio Ambiente perante o Consello da Auga. Entre estes cambios figuran a inclusión de senllos artigos sobre a protección do Dominio Público Hidráulico e actuacións en zonas asolagábeis e a xestión eficiente das augas destinadas a abastecementos ou o descarte da utilización do formigón nos encanamentos a facer fóra de zonas urbanas.


A pesar das melloras incorporadas, o PHE segue a carecer dun enfoque ecoloxicamente sustentábel da xestión da auga, que é considerada fundamentalmente como un recurso productivo e non como un activo ecosocial. En pala-

bras de Pedro Arrojo, profesor da Universidade de Zaragoza e presidente do Congreso Ibérico sobre Planificación e Xestión de Augas, "trátase dun plano baseado, unha vez máis, en estratexias de oferta, que programa numerosas obras que implican agresións ambientais sen precedentes", como o transvasamento de auga do baixo Ebro á costa mediterránea.

PLANO HIDROLÓXICO DE GALIZA-COSTA

O Consello da Xunta aprobou o pasado 3 de maio o Plano Hidrolóxico das bacías de Galiza-Costa (PHGC) (ler Cerna nº 31). A diferenza do acontecido a nivel estatal co PHE, apenas houbo debate no noso país sobre o PHGC. Só despois de que fose solicitado por ADEGA, FEG e SGHN, o PHGC foi debatido no Consello Galego de Medio Ambiente, onde foi rexeitado polos representantes das organizacións ecoloxistas e das universidades de Santiago e de Vigo e por un dos representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias

(FEGAMP). O PHGC é totalmente debedor da lóxica do formigón e do quilovatio e está aínda máis alonxado da filosofía da Directiva Marco de Augas có español. Cómpre darmos a noraboa aos sectores da construcción e hidroeléctrico por un PH feito á medida dos seus intereses.



Xan Muras

EDITORIAL

O mal das **VACAS TOLAS** constitue un claro exemplo de delito alimentario, xa que durante mais dunha década se continuou empregando fariñas animais na alimentación do gando, despois de sabermos xa no 1988 que era esta a vía de propagación da enfermidade nos animais, e no 1992 se confirmou a sua transmisión ás persoas. Como tal delito contra a saude debería ser perseguido, identificado aos seus responsábeis políticos e ás fábricas de pensos directamente implicadas.

Supón tamén un delito económico cometido contra o elo mais fraco da cadea produtiva, os labregos, así como un problema ambiental concretado na eliminación dos chamados materiais específicos de risco e de todas as reses mortas de mais de doce meses. Aínda que a esterilización é suficiente para eliminar a infectividade destes materiais e a actual lexislación non requere a incineración, algunas decisións precipitadas e arbitrariamente tomadas polos gobernos europeo, estatal e autonómico dirixen-se cara a incineración xeralizada destes materiais e de centos de miles de animais sen nin siquera comprobar se están afectados.

Como exemplo desta improvisación temos os enterramentos incontrolados de Mesia e a contaminación procedente de SUGASA, dous casos hoxe denunciados nos xusgados por veciños/as e diferentes entidades, entre elas ADEGA, ao considerar que estas actuacións atentan contra a legalidade vixente.

Como exemplo da arbitrariedade coa que se está a abordar este problema non hai mais que citar a facilidade con que os nosos gobernantes recorren á incineración, sen lles importar os riscos ambientais e sanitarios que dela se derivan. O emprego desta alternativa no Reino Unido provocou un incremento na emisión de dioxinas que algúns meios avaliaron en mais dun vinte por cento, até o punto de que esta práctica está a situar-se por riba das principais industrias suxas en canto a emisións destes e doutros contaminantes.

A problemática desta epidémia leva-nos directamente á conclusión de que para unha solución real aos problemas de seguridade e calidade alimentaria, incluíndo a sua sustentabilidade, non abonda con meros parches como sería o controle da enfermidade. É necesaria unha verdadeira revolución nas prácticas agrícolas e na distribución e comercialización dos alimentos que nos conduza a unha agrogandeiría ecolólica. Neste camiño abondamos no dossier presentado neste número de Cerna.

EN DEFENSA DOS RÍOS: COGADER SEGUE EN ACCIÓN

CONCENTRACIÓNS, DÍPTICOS, APOIO ACTIVO,...

COGADER, Coordenadora Galega pola Defensa dos Ríos da que ADEGA forma parte, continúa o seu labor de defensa dos ríos frente a agresión que representan os centos de minicentrais que pretenden construír neles empresas privadas, co beneplácito da Administración. Son xa máis de 30 as concentracións (desde o 4 de Novembro) que, un sábado tras outro e sen interrupcións, con puntualidade militar, distintos colectivos teñen realizado na Praza de Galicia de Santiago de Compostela para denunciar a ameaza que as minicentrais representan para o sistema fluvial (o cal, por certo, nos últimos anos ven perdendo vida a ollos vista). Nin o frío nin a chuvia, nin unha Administración xorda e antidemocrática foron quen de disuadir a COGADER, pese o esforzo organizativo, humano, económico,... que supón. Xentes vidas do Alto Ulla, de Guntín, de Ourense, do Carballiño, do Deza, de Betanzos, ribeireños do Lérez, do Umia e do Tines, sindicatos (CGT, SLG), asociacións naturalistas e ecoloxistas decanas (ADEGA, Amigos da Terra, Sociedade Galega de Historia Natural), asociacións locais, pescadores, empresas de turismo activo, galegos e galegas que defenden a súa terra e non queren ver estragados os seus ríos (e áinda regos: todo lles vale) deron mostra, coa súa presencia, de que non están nin resignados nin derrotados senón dispostos a facer entrar en cordura a uns políticos que, consciente ou

inconscientemente, venden o país a anacos.

O 14 de Marzo celebrábase o Día de Acción contra os Grandes Encoros, o 22 o Día Mundial da Auga; COGADER elixiu o 18 de Marzo, domingo, para repartir 35000 dípticos en 50 localidades da nosa xeografía, coa fin de dar a coñecer á poboación en xeral a problemática das minicentrais nos nosos ríos, porque os ríos son un ben público e todos e todas podemos e debemos contribuir a súa conservación. Os que nos gobernan saben que en moi pouco tempo estas obras serán prohibidas polo agresivas que son (países como Estados Unidos ou Francia están xa cuestionando o derribo de encoros para recuperar ríos); de aí o apuro de uns por construir canto antes e a obriga de quen defende os ríos de gañar tempo, na seguridade de que o tempo nos dará a razón por tentar de evitar males moi costosos de reparar ou irreparables.

O encoro do Umia xa só se pode evitar coa demolición da presa; pero sempre quedará na memoria o empeño das



Na praza de Galicia, no Umia, no Lérez, diante do Pazo de Inxustiza de A Coruña... (Fotografía: Pepe Salvadores)

xentes que loitaron, irreductibles -anos de constancia-, por salvar o río. E todo o proceso de tramitación e construcción, desde o estudio de impacto ambiental (feito para un río andaluz) ata o paseo de Cuíña na zodiac, pasando polas sentencias xudiciais de porta xiratoria, pasará tamén á historia como paradigma de desprecio ó medio ambiente e ás persoas que o defenden, así como das formas agresivas e chulescas dos nosos gobernantes. COGADER estivo alí o Día Mundial da Auga. E volveu cando Cuíña se paseou, triunfal e provocadoramente, polas augas do Umia recién dragado (dragado que non contou cun mínimo estudio das consecuencias) apoiado na súa "poeza" polas forzas da orde e algúns políticos servís. COGADER estivo, tiña que estar; coas xentes de Caldas que viñeron sufrindo arreos a prepotencia e asinxurias.



Casa Pousadoira

Fermosa casa tradicional restaurada. Situada a 15 Km do parque natural Fragas do Eume e a 8 Km da Praia Grande de Miño e a 800 m do río Lambre. Ademais Adegas Pousadoira foi a primeira adega en sacar ao mercado Viño de Betanzos etiquetado e hoxe é o máximo exponente dos Novos Viños de Betanzos.

Tlf. e fax.: 981-195118.
Móvil: 629-280565



Turismo rural, horta ecolóxica e produción de viño de Betanzos.

PARALISADA A CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE EÓLICO EN RIBEIRA

Este mes de febreiro saia a exposición pública o proxecto de construcción dun parque eólico no monte de Santo Alberte, concello de Ribeira. A empresa promotora, FRINSA S.A., tiña apresentado un plano eólico estratéxico para a instalación de 12 aero-xeradores de 68 m de alto e 62 de diámetro rotor, cunha potencia total de 15,6 Mw (megawatios). Esta mesma empresa xa conta no polígono industrial anexo cunha planta de coxeración de 13,5 Mw.

As propias características dos muiños, os meirandes por dimensións e potencia individual do País, e a sua ubicación nun monte peri-urbano de 200 m de alto a menos de 500 m do casco da vila, xerarian un importante impacto paisaxístico e deteriorarian notablemente a cualidade de vida dos veciños e veciñas da capital do Barbanza. A maiores, a sua proximidade a

importantes espazos naturais costeiros propostos para formar parte da Rede Natura 2000 (lagoas de San Pedro de Muro e Xuño e o próprio parque natural de Corrubedo distante menos de 2 km), podería interferir os movementos da avifauna migratoria que visita estes complexos.

A todos estes factores engade-se o grave deterioro que as obras proxectadas causarian ao patrimonio histórico e arqueolóxico: o proxectado parque ocupa unha área de pouco máis de 0,5 km² na que se atopan a capela románica de Santo Alberte e un conxunto megalítico formado por 13 mámoas. Dáse a circunstancia de que o proxecto carece da preceitiva declaración de impacto arqueolóxico, e a ubicación dalgúns aero-xeradores coincide mesmo enriba dunha mámoa, das que só 3 estaban catalogadas.

A delegación do Barbanza de ADEGA presentou as alegacións pertinentes perante a Consellería de Industria, ás que se adxuntou un informe técnico encol da afectación do conxunto arqueolóxico polas obras do parque. Este informe foi remitido tamén á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e ao Departamento de Arqueoloxía da Universidade de Compostela.

A resultas destas actuacións, Patrimonio comunicou-nos a paralización cautelar do proxecto mentres este organismo leva a cabo unha exaustiva campaña de prospección e estudio da zona. Agardemos que desta volta, ao contrario que en tantas ocasións (Xistral, Candán, Úmía, etc...), a propia Administración cumpra coa lei e antepona a conservación dos nosos bens culturais e méio-ambientais aos intereses duns poucos.

Fins Eirexas, ADEGA-Barbanza.

A INCINERACIÓN NON É SOLUCIÓN

AS DIOXINAS E OUTROS TÓXICOS CONTAMINAN OS ALIMENTOS

Baixo este lema, e tendo o mal das vacas tolas como telón de fondo, ADEGA convocou unha concentración de protesta contra a incineración do lixo que reuniu perto de cen persoas na Praza das Praterías o pasado 10 febreiro. O periodista Henrique Banet, director da serie SENDA VERDE fixo a leitura dun MANIFESTO no que se alertou dos graves problemas de contaminación de alimentos que orixinan as emisións das incineradoras, e puña de manifesto a necesidade dunha agricultura ecolólica e a producción de alimentos sanos.

Esta protesta tivo lugar cando as promeses de plans de reciclaxe e compostaxe por algúns dos principais concellos galegos están en punto morto ou esquecidos, e tamén cando viña de ser pechado un dos fornos da incineradora de Valdemingómez (Madrid) por emitir 15 veces mais dioxinas das permitidas. Como a de SOGAMA, esta incineradora está considerada pola empresa como a "mais moderna de Europa", pero afinda así non foron capaces de reducir o nivel de

emisións, razón pola cal a Consellería de Medio Ambiente de Madrid procedeu á sua clausura. Tamén neses días, o Programa Nacional de Toxicoloxía dos EE.UU viña de incluir as dioxinas na lista de substancias coñecidas como

canceríxenas, na consideración de que "estudios en seres humanos, incluindo unha combinación de datos epidemiolóxicos e mecanísticos, indican unha relación causal entre a exposición a dioxinas e o cancro humano". Xa hai tres anos, a propia OMS reconociu o carácter canceríxeno destas substancias.

A propia UE considera necesarias maiores limitacións nas emisións de dioxinas e outros contaminantes emi-



Concentración na Praza das Praterías de Compostela, o pasado 10 de febreiro.

tidos polas incineradoras de lixo e, sobre todo, unha vixiáncia mais estrita das emisións. Con esta finalidade, a UE aprobou unha nova Directiva sobre a incineración de resíduos en decembro pasado. "Todo isto reafirma-nos na denuncia da incineración como unha séria ameaza para a saúde, e na solicitude do total abandono da incineración do lixo", afirma a Asociación Ecoloxista ADEGA. (www.ctv.es/USERS/atega)

AS "PATERAS" DA PREPOTENCIA E O SERVILISMO NO RÍO UMIA

O día 21 de abril de 2001 pola mañán no Rio Umia desenrolouse un espectáculo mais, do que o escenario foi un tramo do río desde Godos no concello de Caldas ata As Aceñas en Meis. Varias "pateras" capitaneadas por Cuiña e repletas de alcaldes baixaron polo río.

A preparación da montaxe circense foi precedida polo peche dos aliviadeiros do encoro uns días antes, o martes dia 17, con efectos dramáticos pois os poucos peixes que ainda podían quedar no tramo do río ao seu paso pola vila apareceron mortos polo descenso brutal do nivel da auga. Parece ser que se pensaron pechar os aliviadeiros do encoro para garantir auga para o cruceiro de Cuiña e os alcaldes. ¿Como nos vai extranar que as empresas hidroeléctricas incumplan a normativa medioambiental e a lei de pesca, se tamén as incumplen un consellerio e unha camarilla de alcaldes para prepararse un paseo de capricho polo río?

A saída das "pateras" non se fixo desde o muíño da vila de Caldas como tiñan anunciado na prensa, debido, ao parecer, a que o mesmo que pechou demais o encoro tamén se pasou ao abrilo, polo que nese punto baixaba moita riada para botar as "pateras".

Na etapa do mais rancio colonialismo os invasores europeos acudían os países africanos a arrasar, cazar a manegallo e buscar preciados trofeos de caza. No século XXI un conselleiro e un amplio abano de alcaldes do Salnés e do Úmia, entre eles un independente de Meis e os "socialistas" de Caldas, Cuntis, Moraña, e a Illa de Arousa, viñeron a apropiarse do trofeo dun río ameazado e agredido. A ocasión permitiules ver xuntiños na mesma "patera" a alcaldes de concellos limítrofes que nin como representantes dunha institución son capaces de falar ou dialogar entre eles.

Desembarcaron con mellor sorte que os africanos que cruzan o estreito, a impunidade acompañounos a pesares de que para a preparación do paseo vulneraron a normativa ambiental sobre protección dun río.

Veciños de Caldas Cuntis e Moraña botamos en falta medios e medidas de seguridade ante as inundacións imprevisíbeis das fincas non expropiadas e as avalanchas periódicas da auga encoro abaixo. Alomenos oito coches de protección civil e varias zodiacs de salvamento co persoal correspondente

rada un delito contra a democracia. As promesas de Cuiña son unha falacia e propaganda electoral: está a gastar carmos públicos pararepoñer o que desfixo co encoro, e promete miles de millóns que non preveu no orzamento.

Cuiña e algunos voceiros do PSOE de Caldas intentan vender as



A "PROSTITUCIÓN" DOS INTERESES XERAIS QUE EXERCEN ALGÚNS POLÍTICOS TEN QUE SER CONSIDERADA UN DELITO CONTRA A DEMOCRACIA

foron mobilizados para un paseo de capricho. Non sabemos se ese gasto o pagarán os que disfrutaron dos medios ou nos saírá dos bolsillos a todos os/as ciudadáns incluidos os veciños e veciñas de Caldas, Cuntis e Moraña, aos que lles foron anegadas e roubadas as terras sen expropriárllelas. Serva como anécdota que o concello de Caldas recentemente publicou unha ordenanza para cobrar polos servicios que preste protección civil do concello.

Dende que encheron o encoro, veciños/as, organizacións ecoloxistas como ADEGA, COGADER, e organizacións políticas como o BNG, veñen denunciando a falta de seguridade e a indefensión dos/as veciños/as e pedindo aos alcaldes dos concellos que tomen a iniciativa desde as institucións municipais: Pero a única iniciativa que ata o momento están a tomar é cumplir as ordes de Cuiña ou facerlle compañía.


Mentras eles fixeron o circo, amparados segundo din na sua maioría absoluta ou nos votos, son moitos os/as cidadáns que senten vergoña allea. A "prostitución" dos intereses xerais que exercen algúns políticos ten que ser considerada un delito contra a democracia.

potencialidades turísticas dos ríos con encoros cando o que están é desfacendo todas as potencialidades e atractivos dun río ata convertilo nunha ameaza para a fauna e a seguridade das persoas.

Seguimos esperando un debate serio coa participación de expertos sobre alternativas para Caldas e o seu río e zonas inundables, sen ocorrencias electoralistas de aventureiros. Recordamos que tamén os pobos indíxenas se están a revelar no terceiro mundo contra a construcción de presas e citamos as palabras dun hino do pobo indio dos EMBERA KATÍO (Colombia), coas terras recentemente anegadas por un encoro no río Sinú, cuxo líder Buruchiro José Angel Domicó Jarupia foi asesinado o dia 6 de marzo de 2001 por defender a terra: "Karagabí deu-lle a le auga ao mundo para que Jenzerá non a monopolizara. Por iso, da árbore grande (Jenéné), do bosque, fixo sair a auga para que a xente, os peixes e os animais beban e vivan".

Veciños indignados de Caldas, Cuntis e Moraña a 22 de abril de 2001

Existe outro xeito de ve-las cousas



O número 6
xa no teu quiosco

NOVA DIRECTIVA EUROPEA SOBRE CONTAMINANTES ATMOSFÉRICOS E A PROTECCIÓN DA SAÚDE

EVOLUCIÓN DA CHOIVA ÁCIDA EN GALICIA E EN EUROPA

Ramón Varela Díaz

PARA GALIZA, A REDUCCIÓN DAS EMISIÓNS DE CHÚVIA ÁCIDA NON É UN PROBLEMA TÉCNICO SENON POLÍTICO, COMO PON DE MANIFESTO O COMPORTAMENTO DESIGUAL DAS EMPRESAS ELÉCTRICAS: XA NA DÉCADA DOS 90 ENDESA REDUCCIÓ AS EMISIÓNS NUN 95% NA SUA CENTRAL TÉRMICA DE ANDORRA (EN TERUEL, QUEIMANDO TAMÉN LIGNITO), MENTRES QUE NA CENTRAL TÉRMICA DAS PONTES SÓ REDUCCIÓ O 37%, O MÍNIMO QUE ESIXIA A CE. ASÍ, NO ANO 2001, GALIZA SUPERARÁ AS EMISIÓNS DE SO₂ DE SETE PAISES DA CE: BÉLXICA, DINAMARCA, GRECIA, IRLANDA, LUXEMBURGO, HOLANDA E PORTUGAL; E NO 2010 SUPERAREMOS AS DE NOVE PAISES.

En novembro do ano 2000 o "Consello" da CE acordaba unha "Posición Común" relacionada coas limitacións de emisións a atmósfera de catro axentes contaminantes: dióxido de xofre (SO₂), óxidos de nitróxeno (NOx), compostos orgánicos voláteis (COV) e amoníaco (NH₃).

A Directiva do Parlamento Europeo, a punto de sair, que nacerá a partir desta posición común, afectará a instalacións de combustión con potencia térmica igual ou superior a 50 MW calquera que sexa o tipo de combustible que utilice. A finalidade destas limitacións teñen que ver cos seguintes obxectivos:

- a) Reducción nun 50% da extensión afectada na CE pola choiva ácida (respecto a 1990)
- b) Protexer a saúde humana e a vexetación, reducindo a exposición ao ozono.

En 1988 unha Directiva similar obligou a reducir determinadas emisións procedentes de grandes instalacións de combustión. Como consecuencia, o Estado Español quedou obrigado a rebaixar a emisión de dióxido de xofre (causante de choiva ácida) nun 37%, cando noutras países como Alemaña ou Francia se rebaixaba nun 70%. Gracias a esta Directiva, na Galiza pasouse de emitir 700.000 t/ano na década dos 80 a algo mais de 400.000 t/ano no ano 2000; as Centrais Térmicas de As Pontes e Meirama acabaron por misturar lignito galego, rico en xofre, con hulla doutros países, pobre neste elemento, para pasar a cumplir o compromiso que adquirira o Estado Español ao entrar na CE.

Esta nova Directiva de limitación de emisións a aplicar para o ano 2010, volve ser un paso adiante, igual que o foi a do ano 1988, e asimesmo tamén volve a quedar raquíntica no Estado Español, pois mentres algúns países da CE reducen as

sus emisións de dióxido de xofre por encima do 80% (Holanda 83.3%, Gran Bretaña, 85%, Bélxica 91.4%, Dinamarca 93%), no Estado Español a reducción será do 67.5% e Galiza, para o ano de referencia 2010, seguirá emitindo máis de 200.000 t/ano, valor absoluto moi por encima das emisións de SO₂ de 9 dos Estados que forman parte da CE (Finlandia, Suecia, Portugal, Holanda, Bélxica, Dinamarca, Irlanda, Austria e Luxemburgo), e sen saber en base a qué motivo o Estado Español nese ano será o primeiro por emisión de SO₂ na CE, superando a países máis industrializados como Alemaña, Italia, Francia ou Inglaterra.

Resulta paradóxico que na Galiza teñan que vir en axuda do medio ambiente e da saúde humana as Directivas da CE, mentres o goberno autónomo e o goberno central se limitan a cumplir os mínimos esixidos desde Bruxelas. Resulta curioso que o Goberno galego copie en parte o



Sensibilidade de Galicia á choiva ácida. (Baía ed.)

modelo de aplicación de taxas de Suecia, que gravan as emisións de industrias emisoras de dióxido de xofre e óxidos de nitróxeno, e o copie mal. Este modelo en Suecia serviu para reducir en mais do 80% as emisións, mentres que en Galiza, ao imponer unhas taxas moi baixas para as industrias, non serve para reducir as emisións e só serve para que as empresas

CABO 1. MÁXIMOS DE EMISIÓN PREVISTOS PARA O ANO 2010 REFERENTES A SO₂, NOx, COV e NH₃ (EN MILES DE TONELADAS)

	DIÓXIDO DE XOFRE (SO ₂)	ÓXIDOS DE NITRÓXENO (NOx)	COMP. ORG. VOLÁTEIS (COV)	AMONIACO (NH ₃)	
	1990	2010	1990	2010	1990
ÁUSTRIA	92.5	39	226.7	103	656
BÉLXICA	316.6	99	343.2	176	394
DINAMARCA	197.8	55	273.3	127	178
FINLANDIA	226.9	110	268.5	170	457
FRANCIA	1300.4	375	1590.1	810	2866
ALEMAÑA	5256.9	520	2979.7	1051	3323
GRECIA	641.2	523	543.9	344	718
IRLANDA	177.9	42	115.7	65	197
ITALIA	2253	475	2053.3	990	2549
LUXEMBURGO	14.3	4	23.1	11	20
HOLANDA	201.2	50	576	260	460
PORTUGAL	282.6	160	220.8	250	644
E. ESPAÑOL	2205.6	746	1257.1	847	1894
SUECIA	104.9	67	345.3	148	722
INGLATERRA	3786.8	585	2773.2	1167	2682
EU-12/EU-15*	12289.2	3850	12193.8	6519	15087
					6510
					3583.3
					3110

*As cifras para a UE corresponden en 1990 á EU-12 e no 2010 á EU-15. Fonte: Elaboración propia con datos do "Europe Environment: Statistical Compendium", e da "Posición Común 2000/C 375/02". D.O.C.E.

CADRO 2. REDUCCIÓN DE SO ₂ NA UE			
	EMISIÓNS (kt)		REDUC. %
PAÍS	ANO 1980	ANO 2010	
BÉLXICA	530	99	91.4
DINAMARCA	323	55	93
ALEMAÑA	2225 (R.F.A.)	520	76.6
GRECIA	303	523	72.6
E. ESPAÑOL	2290	746	67.5
FRANCIA	1910	375	79.4
IRLANDA	99	42	57.6
ITALIA	2450	475	79.7
LUXEMBURGO	3	4	+25
HOLANDA	299	50	83.3
PORTUGAL	115	160	+39.1
INGLATERRA	3883	585	85
AUSTRIA	92.5 (1993)	39	57.9
FINLANDIA	226.9 (1993)	110	51.6
SUECIA	104.9 (1993)	67	36.2
GALIZA	706	229.5	67.5



Queimaduras en Eucaliptus globulus. (Baia ed.)

se xustifiquen ao pagar por contaminar. Ao tempo, a administración recauda perto de 2000 millóns de pesetas, diñeiro que por outra banda non se destina para reparar os danos que estas industrias causan no ambiente. Desta forma, á industria saelle mais barato pagar que adoptar medidas anticontaminación, ao contrario do que sucede en Suecia.

A choiva ácida na Galiza está ahí, recoñezano ou non as empresas e o propio goberno autónomo. Problemas de perda de froita; diminución do crecemento forestal; cultivos afectados con queimaduras e perda de folla anticipada; debi-

litamento das plantas e maior sensibilidade ao ataque de pragas de fungos e insectos; presencia de metais pesados no solo e auga subterránea; aumento de acidificación en augas subterráneas; presencia e acumulación de metais en ecosistemas tan productivos como as Rías; problemas de corrosión nos materiais, pinturas...; alteración dos monumentos, etc.

Pechar os ollos a realidade e facer cumplir as raquícticas e laxas no tempo Directivas Europeas non é Gobernar un país, non é camiñar cara un desenvolvemento sostenido no que se teña en conta o medio ambiente e a saúde humana, é uni-

camente favorecer a unhas empresas eléctricas que cada ano presentan beneficios netos triples ou cuádruples do que costaría solucionar o problema definitivamente, adoptando as medidas técnicas mais modernas.

Se alguéun non está convencido de que o problema non é técnico senón político, que busque a explicación de por qué na Central Térmica de Andorra en Teruel (queimando tamen lignito) xa na década dos 90 reduciron as emisións nun 95%, e a mesma empresa Endesa só quixo reducir na Central Térmica das Pontes na Galiza o 37%, o mínimo que esixía a CE.



Aquagest

"Calidade da auga e do medio ambiente"



Traballamos día a día en Galicia, desde fai máis de 25 anos, cos mellores recursos humanos e tecnoloxía punta para dispor de auga boa e suficiente, aproveitándoa ó máximo e devolvendoa á natureza limpa e útil

A XESTIÓN DAS AUGAS É O NOSO LABOR



Tamén DEPENDE DE TI



*Plan de tratamiento
de residuos sólidos
urbanos de A Coruña*



Na natureza os residuos son aproveitados nun ciclo permanente de producción e reciclado.

Imitar á natureza para acadar que as novas xeracións disfruten dun planeta e unha cidade en equilibrio ecolóxico tamén depende de ti. Para iso necesitamos a túa colaboración: separa o lixo na túa casa e depositalo nos contenedores correspondentes.

Coa a túa axuda, na Coruña, daremos un novo valor a todo o que che sobra.



Ayuntamiento de La Coruña
Concello de A Coruña



TELÉFONO VERDE
981 22 22 26

 Albada

A FUTURA LEI DE PROTECCIÓN DA CALIDADE DAS AUGAS DAS RÍAS FOI DEBATIDA NUNHAS XORNADAS EN VILAGARCÍA, NA QUE SE APORTARON IDEAS SOBRE A XESTIÓN INTEGRAL DO LITORAL

A FUTURA “LEI DAS RÍAS” E A PROTECCIÓN DO LITORAL

Manuel Soto Castiñeira – Presidente de ADEGA

O tópico de que os galegos e gallegas non valoramos dabondo as riquezas que posuimos, ou o que se di de que se as rias galegas foran francesas, entón Galiza seria a primeira potencia en acuicultura e turismo verde, reflicten un sentimento xeralizado de que estamos infrutilizando e degradando o noso litoral e, ao tempo, son indicativos de que a sociedade demanda por freo ao caos imperante nas nosas rias, especialmente á contaminación causada por algunas industrias que se din abandeadas do progreso.

Todo isto foi posto de manifesto no *Foro Aberto para un Futuro Natural e Productivo das Rías Galegas*, celebrado en Vilagarcía de Arousa o pasado mes de marzo e que reuniu a mais de tres centas persoas dos mais diversos sectores, desde as universidades até os sectores produtivos ligados ás rias. As xornadas foron organizadas por diferentes Asociacións ecoloxistas (ADEGA, FEG, CEMMA) e as Plataformas e Asociacións para defensa das Rias de Ares-Betanzos, Arousa, Ferrol, Pontevedra, Ribadeo e Vigo,

contando coa colaboración do Acquariumgalicia e dos Concellos de A Illa de Arousa, Fene, Ferrol, Narón, Poio, Pontevedra, Rianxo, O Grove e Cambados.

O foro tamén analisou o contido do proxecto da futura “Lei de protección da calidade das augas das rias e ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas” que nestes días se debate no Parlamento de Galiza, nun momento no que a Comisión Europea aproba unha *Resolución sobre a Xestión Integrada do Litoral* (febreiro do 2001) e comeza a entrada en vigo na nova *Directiva Marco para as Políticas Europeas da Auga*. Considera o Foro que ainda estamos a tempo de acordar un desenvolvemento sustentábel para o noso litoral, algo que requere vontade política para atallar a sua deterioración.

CRÍTICAS AO PROXECTO DE LEI DAS RÍAS

Os responsábeis do Foro afirman que para disfrutar dun medio ambiente de calidade non podemos deixar as nosas rias á sorte da iniciativa económica do mercado. Non podemos permitir que un reino de taifas administrativo consinta que as chamadas “Autoridades Portuarias” hipotequen o futuro dunha ria con actividades como a Terminal de Hidrocarburos do Ferrazo (Arousa), un porto exterior sen unha rigurosa avaliacián de impacto ambiental (Ferrol), ou un recheo con lodos contaminados sen previa analise (Oza, A Coruña); non podemos permitir o recheo de centos de miles de

metros cadrados no interior da ria de Ferrol para a instalación de industrias químicas sen previa avaliacián dos riscos, nem a continuación dos vertidos tóxicos de Ence-Elnosa en Pontevedra, ou o vertido da maior parte dos efluentes urbanos (domésticos e industriais) sen depurar.


A operatividade da nova lei é cuestionada polas diferentes organizacións que componen o Foro, e poñen como exemplo dunha actitude pouco responsable fronte aos problemas ambientais o feito de que a Lei 1/1995 de Protección Ambiental de Galiza continua hoxe sen ser estrenar, ao non se teren desenvolvidos a maioría dos regulamentos aos que a lei fai referencia.

O proxecto inclue unha segunda parte de “ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas”, que debería ser abordado nunha lei separada, no lugar de mesturar nunha dúas leis que pouco teñen que ver entre si. En todo caso, é salientábel que este engadido non aborda o problema real de depuración, como é a inexistencia de depuradoras no caso dos principais vertidos ás rias, e non resolve o actual incumprimento da Directiva 91/271/CEE sobre a depuración de augas residuais urbanas. Asimesmo, o proxecto falla no diagnóstico do problema da depuración destes vertidos, xa que o achaca á incapacidade municipal para xestionar as depuradoras, cando o verdadeiro problema está na non sustentabilidade económica e ambiental das depuradoras construídas (elevado consumo eléctrico...), que hoxe son deseñadas e financiadas pola Xunta de Galicia a través do ente Augas de Galicia. O contido da lei non inclue obxectivos de sustentabilidade no tipo e localización das depuradoras.

UNHA LEI QUE RESPOSTA A CRITÉRIOS XA CADUCOS

No referido ás rias, a lei carece dun enfoque integral para a ordenación e xestión do litoral, nun momento no

Manuel Soto



Depósitos do Ferrazo (Vilagarcía)

que xa se consideran fracasadas aquelas políticas dos anos setenta e oitenta baseadas na fixación de parámetros de calidad do meio. Neste sentido, a Comisión Europea aprobou o pasado frebeiro unha Resolución sobre a Ordenación Integral do Litoral para enfrentar os problemas de degradación medioambiental, na que recomenda a elaboración de estratéxias rexionais de xestión integral do litoral. Todos os elementos requeridos nesta Resolución (ver o artigo de Cristina Álvarez) están ausentes no proxecto de lei. Esta apresenta-se pois como unha lei que resposto a criterios xa caducos, e cubre só a novena parte dos problemas das rias.

O proxecto de lei carece do imprescindible enfoque preventivo, xa que responden a chamada política de final de tubería, de fixación de concentracións nos vertidos e no meio receptor, na que a legislación ou o dereito chegan ao final do proceso contaminante cando, probabelmente, o dano xa está feito, ou cando para reparalo fan falla custosas inversiones ou a

posta en marcha de depuradoras ou tecnoloxías que en moitos casos non existen. Non fai uso do concepto de incompatibilidades, que significa que as industrias mais contaminantes ou as actividades mais lesivas non se instalen nas zonas litorais, tal como prevé a Directiva Marco de Augas, aprobada o pasado ano.

Falla tamén o enfoque integral territorial, desde o punto de vista dos vertidos e da contaminación, ao non incluir os ríos e as bacias hidrográficas que verten nas rias, e iso cando é sabido que unha parte importante da contaminación que chega ás rias procede das industrias ubicadas terra dentro nas marxes dos ríos. Ignoranse igualmente os susbtratos das rias, que son aportados polos ríos, e que constituyen un dos principais factores de calidad productiva para o sector da acuicultura.

INEXISTÉNCIA DE DIÁLOGO SOCIAL

Non houbo diálogo coa sociedade previo á elaboración deste proxecto de lei, nin cos sectores produtivos nin

coas organizacións de protección do medio ambiente, e presentou-se no Parlamento sen pasar polo Consello Galego do Meio Ambiente. Tampouco conta con mecanismos que garantan o cumprimento da lei nos seus escasos obxectivos de control, xa que non crea instrumentos que permitan a fiscalización de dito cumprimento pola cidadanía, nem facilita o acceso a información ambiental ao non crear os necesarios inventarios de vertidos e contaminantes.

En definitiva, subxace no proxecto de lei unha política ambiental hipotecada aos intereses económicos dunhas poucas grandes empresas. Con esta lei a calidade ambiental das rias vai seguir degradando-se progresivamente, e todas aquelas rias ainda ben conservadas poden acabar como a de Pontevedra ou a do Burgo (A Coruña). Cando prenda a alarma alimentaria sobre os nosos produtos acuícolas, serán os miles de familias que viven do mar quen sufra as consecuencias e as limitacións que se irán derivando da falta de prevención.

TARASCA
Entremuros, 13
Compostela • Galiza
Teléfono: 981 572 154

MESÓN



VIÑOS, TAPAS E COMIDAS

Algalia de Abaixo, 23 - Tel. 981 580 776

Santiago de Compostela

LÍNEA EXPRESS DE
PIZZA-POLO



HORARIO DE REPARTO:
12:30 A 16 DE 19:30 A 12h
HORAS

PARA REALIZAR O PEDIDO:
TELÉFONOS:
981 58 56 56 / 981 58 72 72

CASAS REAIS, 27
SANTIAGO

SERVICIO A CASA GRATUITO



**MARIA
CASQUA**

RAIÑA, 19 - COMPOSTELA
TEL. 981 560 137

FucoLois



Xelmirez, 25
Telf. 981 578 085
Santiago de Compostela

- Cociña Caseira e boas tapas
- Embutidos Ibericos
- Queixos e pates
- E unha adega ben surtida



Teléfono 981 564 379 San Roque, 13 - Santiago

A XESTIÓN INTEGRADA DO LITORAL

Cristina Álvarez Baquerizo

Instituto para unha Política Ambiental Europea (IPAE)

É imposible regular e protexer os litorais sen ter ben presente que no litoral confluen un montón de actividades, cada unha das cales é obxecto de normas diferentes e está tutelada por administracións diferentes. Segundo a Axencia Europea de MA no litoral incide todo tipo de actividades: residuos industriais e urbanos, turism, planificación e ordenación urbana, dragados, infraestruturas de transporte, navegación e portos, agricultura, silvicultura, explotación de xacimentos nos fondos mariños, explotacións mineiras e de áridos, actividades deportivas e recreativas, infraestruturas de loita contra as inundacións, pesca... Xestionar o litoral dunha forma sustentábel implica ter en conta todas estas actividades, integrá-las nos instrumentos de xestión, os plans e programas, e a isto se refiere unha **Resolución sobre a xestión integrado do litoral na UE**, aprobada pola Comisión europea o pasado febreiro.

Pero o importante é cómo facer esta xestión integral. Segundo esta resolución hai que ter unha perspectiva ampla e global, temática e cartográfica, unha perspectiva a longo prazo, un coñecemento das características locais, a participación de toda a sociedade e os axentes locais e o apoio e a participación de todas as institucións implicadas na xestión.

Para iso, en primeiro lugar, suxire a realización dun **inventario rexional** no cal se cubrirán os aspectos administrati-

vos e se describirá o papel dos cidadáns, das organizacións non gubernamentais e do sector privado através de organizacións empresariais ou de traballadores. Nese inventario, di a UE tamén, deberán ter-se en conta o estado da pesca, os transportes, a enerxía, a xestión de recursos... todo o mencionado antes, e, en función dos resultados dese inventario, deberase elaborar unha estratexia rexional para poder aplicar eses principios.

Esa estratexia tamén deberá definir a mestura de instrumentos, por exemplo, planos estratéxicos que integren a xestión urbanística, planos de prevención das emisións e vertidos contaminantes, ou de calquera dos elementos antes citados. Deberá-se determinar que fontes de financiamento a longo prazo vai ter esa xestión integrada do litoral e establecer tamén a necesidade de que estes instrumentos, estas leis e programas, sexan obxecto de pactos transelectorais, xa que é un requisito importante que estes instrumentos teñan unha proxección no meio a longo prazo.

Resumindo, a xestión integrada do litoral esixe leis que, en cumprimento do principio de integración obriguen a se coordinaren ás distintas administracións públicas, sexan o Ministerio de Fomento, de Economía e Facenda, de Medio Ambiente, de Agricultura, Pesca e Alimentación, ou de Industria e Enerxía, ou as consellerías equiparables en cada

unha das CCAA, os concellos e toda a sociedade civil. Evidentemente, a participación pública en todo este proceso é un factor crucial.

Por outra banda, os dados científicos derivados dos inventarios de recursos, segundo esta resolución, han de permitir obter uns indicadores ou expresións moi breves que permitan á opinión pública ter claro cal é o nivel de calidade ambiental das zonas. Nestes intres, se tiveramos que lles pór nota ás rías, non saberíamos como face-lo, e non o sabemos porque non están centralizados nem son homoxéneos os dados científicos que permitirían coñecer realmente o estado, a presión e a tendéncia dos recursos naturais en cada zona.

Cando falamos de todo isto podemos pensar que é algo teórico, pouco práctico ou moi pouco achegado ao terreo. Non é certo. No ámbito europeo, Bretaña é un exemplo no que seguramente se poderían atopar elementos de inspiración, ou mesmo de colaboración. A idea de Bretaña partiu da instauración do que se chama o **Observatorio dos Recursos Litorais**, que é unha especie de instituto que se formou como unha empresa pública con participación social de diversas entidades: corporacións, sindicais, patronais, etc, e ese observatorio canaliza os fondos destinados á investigación. Bretaña prevé rematar en xullo o seu inventario e o borrador inicial do programa de xestión do litoral. É evidente que Bretaña adicou a isto dous anos de esforzo, traballando intensamente, con consellerías coordinadas e unha sociedade de que esixe estas funcións aos seus poderes públicos. Nunha situación así pódense facer moitas cousas.


Non nos serve, sin embargo, o camiño que marca o proxecto de lei de calidade das augas da Xunta de Galicia. É, sobre todo, unha lei que resposta aos criterios que deberíamos ter implantado hai moito tempo, e é moi parcial, xa que cubre a novena parte dos problemas das rías, faltando outras oito novenas partes para poder ter en común o que sería un conxunto de estratexias integradas para o litoral.



Manuel Soto

PORTO EXTERIOR, NOVA AMEAZA PARA A RÍA DE FERROL

Pepe Salvadores



Por ADEGA - Trasánco*

A ESPECIAL CONSTITUCIÓN XEOLÓXICA DA RÍA DE FERROL FAI QUE TEÑA UNHA AMPLA VARIEDADE DE HÁBITATS. A PARTE MÁIS EXTERIOR, E POLO TANTO A MÁIS BATIDA POLO MAR, ESTÁ CONSTITUIDA POR ACANTILADOS GRANÍTICOS QUE SE EXTENDEN POLO FONDO ATÉ PROFUNDIDADES DE ENTRE 15 E 30 M. NESTA ZONA PODEMOS ATOPAR UN BOSCO DE LAMINARIAS QUE ALBERGA UNHA RICAZ FAUNA.

A PARTE MÁIS ESTREITA DA RÍA É UN CANAL DE 2700 M DE LONGO POR 400 M DE ANCHO, E NELA EXISTE UN FORTE HIDRODINAMISMO ONDE A AUGA ADQUIRE MOITA ENERXÍA; TÉNASE EN CONTA QUE 40 MILLÓNS DE METROS CÚBICOS DE AUGA, ISTO É, UN 25 % DO TOTAL DA AUGA DA RÍA, É RENOVADA EN CADA MAREA. ESTE IMPORTANTE MOVEMENTO CONDICIONA O MEIO MARIÑO FAVORECENDO A INTRUSIÓN DE AUGAS OCEÁNICAS RICAS EN NUTRIENTES (FITOPLANCTON), ASEGURANDO A RENOVACIÓN DA AUGA DO FONDO E FAVORECENDO UNHA BOA OSIXENACIÓN DOS SEDIMENTOS, DE VITAL IMPORTANCIA PARA OS ORGANISMOS MARÍÑOS E PARA A DEGRADACIÓN DA MATERIA ÓRGÁNICA. ESTA FORTE CORRENTE IMPIDE QUE NOS FONDOS ROCHOSOS SE FIXEN ALGAS, PERMITINDO SER COLONIZADOS POR UNHA DAS COMUNIDADES MÁIS INTERESANTES DA RÍA: UNHA MULTITUD DE ORGANISMOS SÉSILES QUE É DIFÍCIL DE ATOPAR EN VARIEDADE E ABUNDANCIA NOUTROS LUGARES. SOBRE ESTES VIVEN E DEPREDAN MOITAS ESPECIES DE MOLUSCOS DE INTERESE COMERCIAL.

XÁ NO INTERIOR DA RÍA, ATOPAMOS PEQUEÑAS ENSEADAS, ONDE AS AUGAS SON MÁIS CALMAS, QUE ALBERGAN UNHA BIODIVERSIDADE POUCO COMÚN. SÓ NA ENSEADA DO BAÑO (MUGARDOS), EXISTEN MÁIS ESPECIES DE MOLUSCOS QUE EN TODA A RÍA DE ARES. NESTA ENSEADA, VIVE UNHA DAS POUCAS VIEIRAS DE FANGO QUE SE COÑECEN. HAI ESPONXAS QUE CHEGAN A ACADAR OS 5 METROS E QUE NOUTROS LUGARES NON SOBREPASAN OS 30 CM. TANTO NESTA ENSEADA COMO NOUTRAS SITUADAS MÁIS NO INTERIOR DA RÍA, ATÓPANSE OS BANCOS MARISQUEIROS INTERMAREAIS MÁIS PRODUCTIVOS DA GALIZA. NAS ÚLTIMAS DÉCADAS, DESCUBRÍRONSE NESTA RÍA 17 NOVAS ESPECIES PARA A CIENCIA. ALGUNHA DESTAS ESPECIES LEVA O NOME DA RÍA: TRACHYTEDAMIA FERROLENSIS.

O PROXECTO DE PORTO EXTERIOR

A pesares desta grande riqueza biolóxica que posue a Ría de Ferrol e da necesidade de potenciar un sector pesqueiro e marisqueiro marxinado e esquecido, en detrimento da industrialización, tan nefasta para a Ría, a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, co beneplácito do Ministerio de Medio Ambiente, ven de aprobar a construcción dun porto exterior na boca desta Ría, cuxo proxecto, de levar-se a cabo, causará un grave deterioro medio ambiental, de consecuencias irreversíbeis.

O Proxecto, denominado "Ampliación del Puerto de Ferrol (Puerto Exterior)", consiste básicamente na construcción dun dique de abrigo de máis de 1000 m de lonxitude situado transversalmente á boca da Ría, ademáis dunha enorme esplanada de case 100 Hectáreas de superficie, construída a maior parte no mar mediante o recheo do mesmo, e na que se proxecta un atraque de granéis líquidos encostado a un dique de 22 m de calado e un peirao de costa de 1.515 m de lonxitude e 20 m de calado cun peche lateral que inclue un peirao de atraque para embarcacións auxiliares.

O dique de abrigo previsto, pechará o 60 % da boca da Ría, o que provocará a alteración das mareas e correntes, e como consecuencia, a alteración da renovación das augas interiores da Ría. O Estudo de Impacto Ambiental do proxecto, recoñece que como consecuencia da alteración que producirá o dique de

abriu nas correntes e mareas, a renovación das augas da Ría diminuirá nun 83 % frente ao 100 % actual.

Os 9.900.000 de metros cúbicos aproximadamente de escavacións de rocha e terreos soltos previstos no litoral da zona, irán destinados ao recheo do mar e criarán unha xigantesca canteira con taludes que nalgúns puntos poderían acadar 70 m de altura.

Ademais, as obras proxectan-se nun Lugar de Importancia Comunitaria (L.I.C.) denominado Costa Ártabra, proposto pola Xunta de Galiza para integrar a Rede Natura 2000, correspondente a 513.270 m cadrados de espazo natural protexido.

A execución do proxecto afectará seriamente ao sector pesqueiro e marisqueiro que opera na Ría de Ferrol, dado que se verán directamente afectadas zonas de pesca artesanal, extracción maiormente de moluscos bivalvos (ameixas, marollos, zamburiñas, ostras, etc), crustáceos (percebes, centolas, nécoras,...) etc, que constituen o único recurso para un grande número de familias na actualidade (máis de mil, segundo dados das confrarias de pescadores e mariscadores da zona).

Desde ADEGA-Trasancos consideramos prioritario investir esa grande cantidade de diñeiro no saneamento integral da Ría e na potenciación e desenvolvemento das actividades económicas.

volvimento dun sector tan importante para a comarca que non ameaza a importante riqueza biolóxica e paisaxística da Ría — sempre que se faga con criterios ecolóxicos.

É de reseñar, tamén, o grande impacto medio ambiental que ocasionarán os accesos terrestres do porto exterior previstos no proxecto, que ademais de atravesar unha boa parte das terras agrícolas e montes do rural, tamén afectará a unha parte do L.I.C. denominado Costa Ártabra.

O ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL

O Estudo de Impacto Ambiental elaborado para o devandito proxecto é moi deficiente, carecendo de todo rigor, pois non se documenta para nada na ampla bibliografía científica que existe na actualidade sobre a Ría de Ferrol. No Estudo recoñécese que falta información fiável sobre a fauna e a flora da zona, polo que se deduz que se descoñece e non se tivo en conta nengunha desta bibliografía científica, publicada en revistas do Estado Español e internacionais de ampla difusión, que demonstra o alto valor ecolóxico da zona afectada, unha das de maior interese de toda a Galiza. Bota-se en falta, como imprescindible, a opinión ecuánime e obxectiva dun organismo de recoñecida imparcialidade á hora de elaborar o estudo de impacto ambiental.

O proxecto do porto exterior preséntase como unha ampliación do porto actual, situado no interior da Ría, cando en realidade trátase dun novo porto que dista en liña recta 6'5 Km do porto actual. Non parece xustificación suficiente para esta macro-infraestrutura, a única ideia de alixeirar as instalacións portuarias existentes das mercadorias molestas e contaminantes, dado que as empresas usuarias destas instalacións (Megasa, Endesa, Forestal del Atlántico, ...) non parecen ter intención de deixar de usá-las, pois sabemos que alegaron concesións de até trinta anos para o uso das mesmas. Asimismo, o volume desas mercadorias supón unha porcentaxe pequena no cómputo global do tráfico de mercadorias que actualmente se moven no porto.


Ainda que non o mencionen expresamente, parece que detrás deste proxecto agochan-se outros intereses que non son precisamente os anteriormente expostos, senón máis ben, criar un porto petroleiro con capacidade para buques de até 300.000 t de carga, que corresponde coa capacidade dos maiores petroleiros do mundo. Como prova disto, proxecta-se un atraque de granéis líquidos de 22 m. de calado. Segundo informacions confidenciais divulgadas nos medios de comunicación, detrás deste proxecto poderían estar grandes petroleiras transnacionais, que estarían interesadas en instalarse nesta zona.

De ser así, e tendo en conta a configuración desta Ría, as consecuencias dun eventual derrame de hidrocarburos procedente dos depósitos proxectados ou dun accidente por un deses grandes petroleiros, tería consecuencias catastróficas tanto para os ecosistemas mariños como para a numerosa povoación asentada neste contorno. Temos precedentes dabondo (Polycomander, Urquiola, Andros Patria, Scaptrade, Galini, Aegean Sea) cuxas consecuencias son sobradamente coñecidas.

Abondando nestas consideracións, entre as moitas carências do Estudo de Impacto Ambiental, está a falta de previsión dun plano deemerxencia para un caso como o anteriormente citado.

No mes de decembro do pasado ano, o Ministerio de Medio Ambiente aprobou mediante Declaración de Impacto Ambiental o devandito proxecto, considerando-o ambientalmente viable. Na devandita Declaración, ainda que se recoñece que o porto exterior proxéctase sobre terreos incluídos no L.I.C. denominado Costa Ártabra, proposto pola Xunta para integrar a Rede Natura 2000,

Pepe Salvadores



dise non obstante, que na zona de ubicación do proxecto non se atopa presente ningún dos hábitats prioritarios ou de interese comunitario que deron lugar á proposta L.I.C., o que entra en flagrante contradicción cos criterios que levaron á propia Xunta a inclusión desta zona como L.I.C.

Non obstante, sabemos que na zona afectada polo proxecto existen hábitats de interese comunitario como *Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas; brezais húmidos atlánticos meridionais de Erica ciliaris e Erica tetralis, así como brezais secos costeiros de Erica vagans e Ulex maritimus* (18.12; 31.12 e 31.234, códigos CORINE respectivamente). Asimesmo, na mesma zona, existen especies vexetais endémicas como *Anarrhinum bellidifolium, Angelica pachycarpa, Armeria pubigera, Daboezia cantábrica, Jasione crispa Subsp. Marítima, Rumex acetosa Subsp. Bifloris, Rumex bucephalophorus Subsp. Hispanicus, Ulex europaeus Subsp. Latebracteatus, ...* así como outras especies que, ainda que non sexan endémicas ou de interese comunitario, teñen unha reducida distribución como *Erica umbellata, Helicrysum picardii, Helicrysum stoechas, Linaria polygalifolia Subsp. Polygalifolia, Silene littorea*, etc.

Tamén, na mesma zona, poden atoparse réptiles como *Lacerta scheibleri* (lagarto das silvas) ou *Coronella austriaca*, incluidos no Anexo II da Directiva 92/43/CEE ou endemismos do noreste ibérico como *Podarcis bocagei* (lagartixa galega) ou *Vipera seoanei* (víbora de seoane), debendo ter en conta que os réptiles, debido á sua limitada

mobilidade, dependen de meios moi concretos.

Segundo trascendeu, e a instancias da Comisión Europea, a Xunta de Galiza está obrigada a ampliar os hábitats do devandito L.I.C. por seren deficitarios. En lugar de atender a este requerimento, agora a Xunta pretende excluir os terreos afectados polo proxecto deste lugar protexido.

AS ACCIÓNS DE DENUNCIA DE ADEGA

En vista de que as alegacións apresentadas por ADEGA-Trasancos, e por outras vinte e catro entidades máis, foron ignoradas, como era de esperar, ADEGA-Trasancos apresentou unha denuncia ante a Comisión Europea para poñer en coñecemento a existencia deste proxecto e denunciar o grave dano ambiental que vai provocar tanto na Ría de Ferrol como no L.I.C denominado Costa Ártabra, solicitando da Comisión que inste ao goberno español a paralizar as obras, ademáis do envio dunha comisión de inspección para investigar as irregularidades do proxecto e comprobar *in situ* o impacto do mesmo. Tamén solicitamos que por parte da Comisión se denegue calquera subvención económica procedente dos fondos comunitarios para levar a cabo o proxecto.

Asimesmo, apresentamos un Recurso contra a Declaracion de Impacto Ambiental ante o Ministerio de Medio Ambiente e de Fomento, reiterando os argumentos xa expostos nas alegacións apresentadas, ademáis de manifestar que é inadmisibel que semellante estudo, carente de todo rigor, poida ser tido en

conta para valorar con suficiente criterio o alto valor natural da zona afectada e, a través do mesmo, declarar o proxecto ambientalmente viable.


Neste momento, ADEGA está estudiando a posibilidade de apresentar unha denuncia xudicial contra o proxecto do porto exterior, así como contra outros recheos feitos e instalacións proxectadas na Ría que, na nosa opinión, vulneran a legalidade vixente, como son Forestal del Atlántico e a Planta de Gas (REGANOSA).

Por último, desde as administracións, sindicatos e partidos políticos promoven campañas a favor desta macroinfraestructura, queréndonos convencer que o porto exterior é a solución ao deterioro ambiental que padece a Ría, ademáis de ser unha fonte de riqueza para a comarca, criadora de centos de postos de traballo. Nada máis lonxe da realidade, este proxecto, ademáis de constituir unha nova agresión tanto para a Ría como para o L.I.C. e contribuir á destrucción dos recursos naturais da Ría, acabando co sector pesqueiro e marisqueiro que opera na mesma, únicamente vai beneficiar a certas empresas, entre elas as grandes petroleiras transnacionais.

Non se pode tolerar, que os intereses económicos destas empresas sen escrupulos se antepoñan ao valor dun ecosistema único como é a Ría, que alberga numerosas especies de interese científico e comercial e é o único medio de sustento para centenares de familias.

* Adega contou coa colaboración de Victoriano Urgorri, profesor de zoología mariña pola Universidade de Santiago de Compostela

Colabora na recollida selectiva,



é cousa de
tod@s!



PLANTA DE GAS, OUTRA SINRAZÓN NA RÍA DE FERROL

Antón Fortuna, ADEGA - Trasancos

Semella, que a Ría de Ferrol vai camiño de desaparecer como tal para convertir-se nun polígono industrial en beneficio exclusivo de certos sectores financeiros, co beneplácito das administracións locais e da Xunta e da maioría dos partidos políticos. No libro de Ernesto Peñas, editado pola Xunta de Galiza e titulado *Elementos para unha ordenación integral dos usos do medio litoral de Galicia* xa se fala de sacrificar a ría de Ferrol para uso exclusivamente industrial.


A Planta Regasificadora que se pretende instalar na Ría de Ferrol (litoral de Mugardos), con dous depósitos de almacenamento de 150.000 m³ cada un, ven a ser un exemplo máis do caciquismo imperante neste País. Un negocio lucrativo e sen escrúpulos para grandes entidades como Endesa, Unión Fenosa, Grupo Toxeiro, Sonatrach, Caixa Galicia, Banco Pastor, Caixa Nova e Xunta de Galiza que se agruparon, coma avuertes na carroña, para constituir REGANOSA (*Regasificadora del Noroeste, S.A.*).

Ainda que o consumo de gas natural, en comparación co carbón ou co petróleo, ten menor impacto ambiental, podendo contribuir a reducir sensiblemente os niveis de contaminación na atmosfera, non pode servir como excusa para que a planta de gas se pretenda instalar na Ría e a 100 m escasos dun núcleo poboacional (O Penedo, parroquia de Meá) e a 800 m do de Ferrol, co perigo que conleva, e cando se sabe que a lexislación vixente proíbe expresamente ubicar este tipo de instalacións a menos de 2000 m, por motivos evidentes de seguridade.

Asimesmo, tampouco pode servir como excusa, para permitir a construcción dun enorme recheo sobre a Ría -de máis de 100.000 m² de superficie- co obxecto de instalar a Planta, facendo desaparecer un dos bancos mariñeiros máis productivos do País (banco intermareal da Barca), e no que inxentes cantidades de residuos tóxicos e perigosos procedentes de *Forestal del Atlántico* (Grupo Toxeiro) foron soterrados inipuñemente baixo os entullos.

Resulta patético que, en vista da forte oposición veciñal e ante a proximidade das eleccións autonómicas, certos partidos políticos que onte defendían incondicionalmente a ubicación da planta de gas en Mugardos, hoxe xa din no exterior da Ría. Non obstante, temos que dicir, que a hipotética ubicación da planta de gas en Caneliñas (Cabo Pieiro ou Prioriño), como estaba prevista inicialmente, tam pouco sería viábel desde o punto de vista medio ambiental, social e legal, dado que ese enclave foi proposto pola Xunta como Lugar de Importancia Comunitaria (L.I.C.), denominado Costa Ártabra, para integrar a Rede Natura 2000, ademais de existir nas proximidades deste hipotético emprazamento a aldea O Pieiro.

Non podemos tolerar que unha vez máis, os intereses económicos dunhas empresas se antepoñan ao interese xeral de preservar a riqueza biolóxica e paisaxística desta Ría para o uso e disfrute de todos/as, debendo obtar por outros usos e actividades que non ameacen o ecosistema nem a integridade física das persoas que habitan no seu contorno.



Carlos Carballalira

Recheo feito recentemente para a ampliación das instalacións existentes de Forestal de Atlántico e para a ubicación da planta regasificadora

VACAS TOLAS E AGROECOLOGÍA

DANIEL L. VISPO E MANUEL SOTO. ADEGA

PERDA DE CALIDADE DOS ALIMENTOS

“O coñecemento de que na Galiza existen casos positivos de encefalopatía esponxiforme bovina (EEB), a partir da declaración oficial do primeiro caso no D.O.G. nº 228, de 24 de novembro de 2000 ten, por unha banda, confirmado as espectativas previstas de que dita enfermidade remataría espallándose por toda Europa e, por outra, espertado unha grande inquedanza tanto en sectores profesionais como na sociedade en xeral” afirma Enrique González nun traballo que se publicara no ADEGA-CADERNOS nº 7.

González continua: “Non é estrano que esta nova doença do gando teña tanta repercusión social... A EEB supón un grande risco para o traballo levado a cabo durante anos de interminables campañas de saneamento da nosa facenda, afecta drasticamente ó sector cárnico galego no seu conxunto, especialmente ós gandeiros e pon en perigo a viabilidade de moitas explotacións”.

Cumpre reflexionar sobre estas afirmacións, pois sendo claro que de non tomar medidas a EEB se estendería por toda Europa e atinxiría tamén a Galiza,

e tendo en conta a forte intervención pública no sector agrogandeiro, con subvencións multimillonarias ao saneamento gandeiro e á intensificación, o que non se pode entender é que as autoridades galegas permaneceren de brazos cruzados diante da fraudulenta comercialización de pensos e fariñas cárnicas para a alimentación do gando vacuno. Podemos tirar disto unha primeira conclusión, relativa a incapacidade do actual goberno da Xunta para tomar as medidas necesarias que evitan o colapso do propio sistema produtivo.

Pero esta non deberá ser a principal conclusión, xa que non respondeira á verdadeira raíz do problema. Mais importante nos semella salientar a fraxilidade do modelo convencional de producción agrogandeira, xa non só para o medio ambiente e a calidad dos alimentos, senón mesmo para o futuro económico e a pervivencia dun sector primario que na Galiza segue a ser maioritario en poboación empregada.


Asi, para Xan Pouliquen, o mal das vacas tolas é mais ben un cadro sintomático dunha sociedade doente, cuxas causas estruturais se poden buscar “na propia lóxica de abaratamento dos

custos como factor de acumulación capitalista en todos os compoñentes da producción dos pensos”. Centrar-nos hoxe na EEB non debe apagar a nosa memoria recente: “Con un esforzo mínimo, lembraremos sen nengunha dificuldade que os polos belgas, as hormonas, a Coca Cola e nos derradeiros tempos os peixes con dioxina foron outros tantos escándalos do sistema agro-alimentario das economias chamadas *do centro*. Obxectivamente, ningún pode negar que nas últimas décadas se multiplicaron as evidencias de efectos non desexados na cadea agroalimentaria, con consecuencias direitas para consumidor@s á vez que para produtor@s. O mal das vacas tolas non é, pois, nada máis ca outra punta dun iceberg que oculta un conxunto de problemas moi maiores”.

É neste sentido que non abonda coa proibición do uso alimentario de fariñas cárnicas, pois son numerosos os factores que poden desencadear crises similares no actual modelo productivo. Poñamos por caso como hoxe o debate no Reino Unido sitúa-se na forte contribución da incineración dos animais á xeración de dioxinas, que está levando ao incumprimento dos obxectivos previos de redución de emisións. As dioxinas acaban concentrando-se en toda a cadea trófica e especialmente nos peixes, recurso natural base para o sustento doutro importante sector da poboación galega. Pensemos cal debería ser o papel do goberno galego en relación cunha estratéxia de diminución das emisións por dioxinas, e cal é o papel que xoga promovendo a incineración do lixo ou das fariñas animais.

AGROGANDEIRÍA ECOLÓXICA

A única solución está na reconversión gradual, efectiva e completa, do actual modelo agrogandeiro a unha agrogandeiría ecolólica, baseada no desenvolvimeto dos recursos endóxenos e locais e no mantemento da



Órganos linfáticos de posible implicación no desenvolvemento de EEB no gando bovino

biodiversidade e da diversidade produtiva, ademais de prescindir dos produtos agroquímicos. Chama fortemente a atención o índice galego de superficie produtiva incluída nos rexistros de agricultura ecolóxica, o mais baixo de todas as Comunidades Autónomas e corenta e seis veces por debaixo da media estatal. É lamentábel que sexa a acción institucional, como se explica nalgúns dos artigos deste dossier, a que está a frear o proceso de reconversión, todo isto cando a maior parte dos produtos alimentares galegos gozaron até hoxe dunha aceptación ligada precisamente a garantía de calidade que lle deu o sistema agrogandeiro tradicional.

Pero prestemos atención a un último aspecto. Xesús Otero afirma que os estudos de laboratorio levan a conclusión de que os axentes causantes da nova variante da Enfermidade de *Creutzfeldt-Jakob* (ECJ e da EEB teñen unha orixe común, pero considera que a resposta social tras a aparición da EEB en Galiza foi en exceso alarmista, xa que o risco de adquirila n'ECJ por inxestión de tecidos de bovino é baixo e se non se utilizan os MER, é nulo".

Esta alarma "inxustificada" pon de manifesto a fraxilidade de calquera producción nun mundo no que non só a comunicación está globalizada, senón tamén a comercialización dos produtos, e por tanto a desconfianza do consumidor ante o descoñecemento da procedencia e as formas de producción. Así, non só terá importancia a reconversión técnica das explotacións, senón tamén a criación dun novo marco de relación entre produtores e consumidores, mediante a reconstrucción de circuitos cortos de venda e o coñecimento mútuo.

AS PROPOSTAS DE ADEGA PARA A ELIMINACIÓN DOS MER

ADEGA denunciou publicamente o abuso inxustificado da incineración para a eliminación dos MER e dos cadáveres dos animais. Tendo en consideración os diferentes aspectos económicos e sociais, así como ambientais e sanitarios, desta epidemia, ADEGA propuxo unha serie de medidas de loita contra a EEB, entre as que podemos destacar:

- Dotar ao país dos laboratorios necesarios para garantir a sanidade de

toda a carne posta no mercado, e dispor de laboratorios de referencia en Galiza.

- Sacrificio selectivo das reses infectadas, no lugar do sacrificio indiscriminado que están a realizar as autoridades, xa que está comprobada a non transmisión horizontal da enfermidade.
- Esterilización dos MER e dos cadáveres de animais infectados e acondicionamento por procesos non contaminantes das fariñas esterilizadas (depósito de seguridade ou outras alternativas diferentes da incineración).
- Modificación da política agraria

común e da política agraria da Xunta, favorecendo a volta ao modelo ecolóxico de produción e conservando as superficies produtivas para a produción de alimentos.

Considera ADEGA que o obxectivo debe ser a eliminación de riscos sanitarios, pero sen engadir novos riscos como os procedentes da incineración, que son tanto sanitarios como ambientais. Asimesmo, ADEGA reclamou que se compense ao sector produtor das perdas que este mal lle está a causar e se abran vias de financiamento para a reconversión a unha agrogandeira ecolólica.

ADEGA-CADERNOS N° 7: VACAS TOLAS E AGROECOLOXIA

Nun primeiro artigo, Enrique González describe as características da encefalopatía esponxiforme bovina (EEB) e o seu desenvolvemento no Reino Unido e en Europa, detendo-se nos factores que a converteron nunha epidemia, ademais de repasar as probas de detección e diagnóstico da EEB. Nun segundo artigo aborda a problemática das encefalopatías esponxiformes transmisíbeis (EET), desde os prións como axentes causantes, as vias de transmisión, ou o concepto de barreira de espécie, até a predisposición xenética dos animais ás EETs.

Pola sua banda, Xesús Otero aborda a relación existente entre a encefalopatía esponxiforme bovina e as doenças relacionadas na especie humana. Así, describe catro variantes previas de encefalopatías esponxiformes transmisíbeis humanas (esporádica, familiar, kuru e iatroxénica), ás que se ven a sumar unha nova variante que ten a sua orixe na EE bovina.

Considerando que esta enfermedade ten as características axeitadas para proceder a unha revisión do modelo de produción imperante e a sociedade vencellada ao mesmo, na perspectiva da agroecoloxía, Xan Pouliquen analisa as causas estruturais do mal das vacas tolas, entre as que situa o actual modelo de coñecemento científico, a información unidireccional dos medios de comunicación, o neoliberalismo económico coa consecuente predominancia absoluta do mercado como valor rector, e, finalmente, as limitacións ou autolimitacións dos Estados como posibles instancias correctoras. Nunha segunda parte do seu traballo, Pouliquen introduce o debate das alternativas, desde aquellas ofrecida polo poder (agricultura integrada, ecolóxica, sustentábel...) até aquellas agriculturas ecológicas baseadas nos recursos endóxenos e locais e que garantem a reproducción do seu potencial productivo.

Por último, un artigo de Daniel Vispo analisa a problemática do tratamento dos materiais específicos de risco (MER) e dos cadáveres de animais e fariñas cárnicas, e repasa as alternativas baralladas en Galiza así como as actuacións precipitadas da administración. O artigo inclue o posicionamento de ADEGA ao respecto da incineración dos resíduos cárnicos.

OS AUTORES:

- Enrique A. González García é Profesor de Microbioloxía e Decano da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela.
- Xesús B. Otero é médico e Catedrático de Fisioloxía e Director do Departamento de Fisioloxía da Universidade de Santiago de Compostela e Xefe da Sección de Neurofisioloxía Clínica do Hospital Clínico Universitario de Santiago.
- Xan Pouliquen é enxeñeiro agrónomo e sócio fundador e impulsor da Asociación de Agroecoloxía Alberte Rodríguez Pérez.
- Daniel López Vispo é Químico e Secretario Xeral de ADEGA.



EPIDEMIOLOGÍA DA EEB NO REINO UNIDO E EUROPA

ENRIQUE A. GONZÁLEZ

A figura 1 móstranos os países de risco para a EEB en Europa e o ano do primeiro caso declarado. Debemos lembrar inicialmente algunas datas de interese para situa-los antecedentes da EEB, a súa orixe e a evolución da epidemia no Reino Unido: nos anos 1970-80 tiñan aparecido algúns casos de vacas con enfermidades de sintomatoloxía nerviosa no sudoeste de Inglaterra. A doença descoñecíase no bovino e a súa relevancia como enfermidade contaxiosa pasou inadvertida por aquel entón. No 1984-85, a utilización de refugallos ovinos e bovinos na preparación de fariñas animais para pensos intensificouse na Gran Bretaña. No 1985-86, lévase a cabo a definición da EEB como unha nova enfermidade bovina de declaración obrigatoria, con sospeitas fundadas do seu carácter transmisible.

No 1987, xa se declara oficialmente a epidemia da EEB en todo o Reino Unido e demóstrase definitivamente o seu carácter transmisible. No 1988, obtéñense datos concluíntes de que a EEB é unha encefalopatía esponxiforme transmisible (EETs), implicando como axentes responsables ós príóns, axentes infecciosos xa coñecidos como causa do tremor ou prurito lumbar (scrapie) ovino e cabrún. Por esta razón, os refugallos de ovelas con scrapie, empregados na preparación

de fariñas animais, sinálanse como posible causa da EEB, polo que se prohíbe a utilización de fariñas animais nos pensos destinados á alimentación de rumiantes. No 1990, aparecen casos de EET en carnívoros e ungulados de zoolóxico, apuntando a posibilidade de transmisión da enfermidade a animais doutras especies diferentes dos bovinos, entre eles o caso dun gato doméstico.

Foi no 1992, cando apareceron casos atípicos da enfermidade de Creutzfeldt-Jakob (ECJ) en persoas, máis novas do acostumado para esta enfermidade, na Gran Bretaña. Pero só a partir do 29 de novembro do 2000, a Unión Europea (UE) tomou o acordo, anteriormente rexeitado pola oposición dalgúns países membros, de prohibir terminantemente a utilización de fariñas de orixe animal na fabricación de pensos para todo tipo de animais de producción.


A epidemia no Reino Unido tivo a súa máxima incidencia no inverno de 1992 a 1993, no que se chegaron a rexistar 1000 casos sospeitosos de EEB cada semana. A partir de 1993 a incidencia foi baixando anualmente nunha taxa do 40%, chegando a descender en 1997 nun 55% (figura 2). A non ser en contadas explotacións, o número de animais enfermos en cada granxa afectada, foi baixo. O 74% das explotacións afecta-

das de EEB padeceron 5 casos ou menos. O 35% delas só presentaron un caso. Tamén é verdade que nunha soa explotación, e como caso excepcional, chegaron a detectarse 124 casos positivos para EEB.

A maioría (63%) de ganderías afectadas foron de producción de leite (táboa 1). O 27% das ganderías afectadas eran de cría extensiva de carne. O 10% restante foron ganderías mixtas (leite e carne). Resulta destacable que do total de animais positivos (máis de 183.000 bovinos) en Gran Bretaña, o 81% foran procedentes de ganderías de leite. Nestes 11 primeiros anos da epidemia, o 61% das explotacións de leite da Gran Bretaña víronse afectadas alomenos con un caso positivo, mentres que só o 16% das explotacións de carne padeceron alomenos un caso.

Os datos epidemiolóxicos indican unha relación directa das explotacións cun maior consumo de pensos preparados con fariñas animais e unha maior incidencia e número de casos por cada explotación. O seguimento individualizado da incidencia en cada explotación das afectadas revelou que a transmisión da enfermidade de animal a animal foi nula ou praticamente nula, cando os datos se analizaron estatisticamente.

FIGURA 1. PAÍSES DE RISCO PARA A EEB EN EUROPA E ANO DO PRIMEIRO CASO DECLARADO (RISCO: A=ALTO, B=MEDIO, C=MODERADO, D=BAIXO)




TÁBOA 1. Incidencia da EEB no Reino Unido, segundo o tipo de explotacións gandeiras, entre os anos 1986 e mediados do ano 2000

TIPO DE EXPLOTACIÓN	GRANXAS CON EEB		ANIMAIS CON EEB	
	Nº	%	Nº	%
De leite	22.120	63%	143.850	81%
De carne	9.562	27,2%	20.915	11,8%
Mixtas	2.096	6%	10.493	5,9%
Outras	1.340	3,8%	2.273	1,3%
Total	35.118	100%	177.531*	100%

FIGURA 2.

ANO DE NACIMENTO DOS BOVINOS CON EEB NO REINO UNIDO, DETECTADOS DURANTE O PERÍODO DE MÁXIMA INCIDENCIA DA EPIDEMIA (1992-1993) E TRALA PROHIBICIÓN DAS FARIÑAS ANIMALES (1988).



PRODUCCIÓN E CONSUMO DE HORTA ECOLÓXICA NA GALIZA

XURXO MOURIÑO*

NA GALIZA, SEMPRE CONDUCIDA CON ATRASO, A NOVA AGRICULTURA ECOLÓXICA GROMA NA DÉCADA DOS NOVENTA. INQUIETUDES PERSOAIS DE FILL@S DE LABREG@S TRADICIONAIS, DE XENTE DE ORIXE URBANA, E DE PERSOAS CONSUMIDORAS RELACIONADAS PRINCIPALMENTE COS NOVOS MOVIMENTOS DE VIDA SÁ, E TAMÉN DO ECOLOXISMO E DOS DEREITOS SOCIAIS, CONFLÚEN NAS PRIMEIRAS PARCELAS DE BIOPRODUCCIÓN E NAS PRIMEIRAS TENDAS DE BIOCONSUMO. A PESAR DA FALTA DE APOIO INSTITUCIONAL, AS PERSPECTIVAS SON FAVORABLES E O NÚMERO DE PUNTOS DE VENDA ESTÁ EN CONSTANTE INCREMENTO, SOBREPASANDO POSIBELMENTE OS 30 OU 35 A FIN DE ANO, E TAMÉN AUMENTA A PRODUCCIÓN NO PAÍS, QUE AÍNDA NON CHEGA A CUBRIR A DEMANDA EXISTENTE.

INTRODUCCIÓN

Galiza foi de sempre unha terra relativamente favorable para vivir. Muitos lugares teñen auga limpia e terras fértils para conseguir alimentos. Chegamos a constituir case a metade das entidades de poboación existentes en todo o Estado español, máis de 30.000 aldeas e vilas, onde o autoconsumo representou a pauta xeral, en ocasións até hai poucos anos: un modelo de desenvolvimeto sustentable, tan ansiado por técnicos e políticos dos nosos días, onde as estratexias de laboreo e os modos de produción, áida mellorables, sen dúbida poderían ser calificados como o que hoxe denominamos "ecolóxicos". Na actualidade áinda podemos encontrar produtos nos mercados populares e certas tendas, que, vindo da agricultura tradicional, son totalmente ecolóxicos.

Foi xa no século XX cando se inicia a motomecanización, o uso de agrotóxicos e de fertilizantes químicos, e o melloramento xenético cobra un impulso antes descoñecido, provocando mudanzas na agricultura e no sector productor de insumos. Na Galiza, estes

procesos case non chegan até o tempo en que, nos países occidentais, acontece a denominada Revolución Verde, derivada do avance agronómico e industrial, momento en que se desenvolven enormemente os citados procesos, con especial referencia á creación de variedades de alto rendimento.

En 1981, as industrias químicas produciron 1,8 millóns de toneladas de agrotóxicos; as dez máis importantes movían máis de 350 millóns de dólares, e o seu crecente poder nas decisións políticas e económicas as conducen a colonizar América Latina, África e Asia, onde se instalan aproveitando a deficiente lexislación ambiental deses países, nunha auténtica chantaxe socioeconómica.

Porén, os exitosos aumentos de produción da Revolución Verde trouxeron consigo importantes desvantaxes: a erosión e perda de fertilitade das terras, o aumento da incidencia e da resistencia das pragas, a toxicidade e perda de calidade dos alimentos, a degradación dos procesos ecolóxicos e da paisaxe, a desaparición de prácticas e variedades tradicionais, a contaminación de terras e augas,

que começaron a cuestionar firmemente a súa viabilidade enerxética e ambiental. Alén diso, no contexto socioeconómico imperante, a Revolución Verde non só non acabou coa fame no mundo, senón que esta aumentou, ao tempo que se incrementaron as desigualdades.

Hoxe nace no mundo unha nova conciencia global e cobran forza os diversos movementos agrícolas alternativos (biodinámico, orgánico, biológico, natural, permacultural, agroecológico...), que se desenvolveran paralelamente durante o século XX, despreciados polos círculos oficiais.


A SITUACIÓN NA GALIZA

Antes de 1995, só comezan a ofrecer produtos biológicos frescos Sabor Original en Vigo e Ourense (1991), o Restaurante-tenda Gálala Vextetario en Vigo (1993), Flores do Ben en Compostela (1993), e Mundo Verde en Ourense (1994), vendendo frutas e hortalizas de pequenas producións propias, ainda que, maioritariamente, son traídas desde o resto do Estado. A todo isto, a Xunta de Galicia non se quer decatar; só constitúe o Consello Regulador de Agricultura Ecolólica (CRAEGA) en 1997, e apenas o dota de orzamento e persoal, sendo a última Autonomía do Estado en habilitar liñas de axuda á Agricultura Ecolólica.


En marzo e abril do presente ano desenvolvemos unha pesquisa que nos levou a coñecer e enquisar á maior parte das tendas e outros locais de distribución de productos biológicos vexetais frescos na Galiza, ademais de cooperativas, distribuidoras e centros de produción consolidados que venden de forma directa ou a través dos locais citados. Toda esta información lístase na táboa 1.

TENDAS E OUTROS LOCAIS DE CONSUMO

Na actualidade existe un mínimo de 27 tendas que venden produtos biológicos frescos na Galiza. Só dúas pecharan despois de abrir. A maioría concéntranse nas cidades, e só



Pepe Salvadores



Pepe Salvadores

5 están en vilas, impulsadas polo entusiasmo das persoas que o promoven, feito que tamén acontece na maioría dos establecementos urbanos.. Estas tendas abranxen un amplio espectro: algunas só venden alimentos biolóxicos; outras tamén comercian con libros, roupa, cosmética ou medicina natural; hainas que son fruterías convencionais con sección ecológica; algunas teñen restaurante, terapias naturais...

Tivemos coñecemento doutros 6 locais onde se ofertan produtos biolóxicos frescos xa transformados, todos relacionados coa alimentación vexetariana ou vegana, indicativo da maior sensibilidade deste sector sobre o doble beneficio -na saude persoal e ambiental- destes alimentos. Nestes momentos infantís do movemento, os restaurantes vexetarianos están xogando un importante papel na viabilidade de producións: consumen maioritariamente produtos galegos, e poderían consumir muito máis de existir maior oferta. Isto danos unha idea das favorables perspectivas dos productos ecológicos.

En total, só un 18% destes locais (n=28) vende por oportunidade do mercado, o resto trata de sair adiante conscienciando, promovendo, canalizando produtos, e ademais, cumprindo un importante papel formativo na sociedade. Apenas existe colaboración entre establecementos, destacando a compra conxunta de productos entre catro tendas da provincia de Lugo. Desde hai dous anos existe o proxecto de constituir un Gremio de Tendas de Productos Ecológicos da Galiza, aínda sen concretar.

PRODUCCIÓN

O número de producións de fruta e horta ecológicas está en constante aumento. En 1999 eran 28 as inscritas no CRAEGA, e 31 no ano 2000. Por suposto, non todas comercializan, e algunas outras aínda están tramitando a súa incorporación. A opinión case unánime d@s enquisad@s é crítica co labor do Consello, que demora de máis no proceso de certificación e revisión de fincas, ocasionando notables perdas de distribución a algúns produtores. Como consecuencia disto, o 67% dos centros de venda e consumo (n= 27) non esixen o aval do CRAEGA cando teñen garantías persoais e coñecen a horta de quen produce.

Na táboa 1 figurán as principais producións que surten ás tendas galegas e que, ademais, manteñen clientes por venda directa. Todas fan agricultura biolóxica por convencemento, pois as oportunidades do mercado son aínda míнимas. En certos casos, comercializan en pequenas tendas de ultramarinos ou en mercados populares, como os de Tui e Sabarís (Baiona). Os seus prezos costuman ser fixos todo o ano, o que contrasta cos das tendas, que, salvo catro delas, os varían segundo o

Táboa 1. Relación dos principais axentes na Producción e Consumo de Productos Biolóxicos frescos na Galiza en abril de 2001*

PRODUCCIÓN E VENDA DIRECTA	
PEXEGUEIRO • Tf. 986-633529	Pexegueiro Fonteseca 4, 36711-Tui (Baixo Miño, Pontevedra)
A POUSA • Tf. 986-369206	Barrio Fontán 29, Mañufe, 36380 Gondomar (Val Miñor).
HORTA NOSA • Tf. 986573232	Sindicato Labrego Galego, r/ Serafín Pazo, A Estrada (Taboado).
Labregos DAIQUI • Tf. 652-369328	A Carballal, Rairiz de Veiga (A Limia, Ourense)
SOL NACENTE • Tf. 988-453739	Reitoral, Sta. M ^a Laroá, 32632 Xinzo de Limia (A Limia)
AS FADEGAS • Tf. 982-156015	Cubelos, Ribadeo (A Mariña, Lugo)
LOCAIS PÚBLICOS DE VENDA	
Ecocentro NATUREZA	Avda de Galicia 52, 27400-Monforte
BIOHORTA	r/ Pedro Saco 29, 27600 Sarria
ALBURA	r/ Dr. Gasalla 30, baixo. Lugo
Tenda TERAPIAS NOVA ERA	r/ Monforte 23, baixo. Lugo
Herboristería-Farmacia SANS	r/ S. Pedro 23, Lugo
Frutas EL CASTILLO	r/Campo Castelo 17-Avda. Magoi 35-Avda. das Fontiñas 84. Lugo
Ecobazar MUNDO VERDE	r/ Irmáns Villar 2, baixo. Ourense
SABOR ORIGINAL	Avda. da Habana 10. Ourense
Rest/Tenda Vida Sá TODO BIO	r/ Dr. Fleming 7, baixo. Ourense
Restaurante Vex. GÁLGALA	rúa do Pracer 4, Vigo
Centro Naturista VIDA SÁ	r/ Escultor Gregorio Fernández, 4 Vigo
BioNATURA	r/ Gregorio Espiño, 21 Vigo
SABOR ORIGINAL	r/ Marqués de Valadares, 2 Vigo
Frutería-Aliment. BIONATUR	r/ Azucena 3, Teis-Vigo
Tenda Ecológica SALVAXE	r/ Concepción Arenal 45. A Guarda
SABOR ORIGINAL	r/ Pasantería 9, Pontevedra
Biocentro EIRA	r/ Nova 5, baixo. Compostela
Ecotenda HERBAS	r/ Pitelos 26, baixo. Compostela
LA FRUTERIA (Frutas Martí)	Avda da Mahía 6.B. Bertamirás (Ames)
Ecocentro TERRA VIVA	r/Castelao 15. 15900 Padrón
Tenda Ecológica EQUILIBRIO	Ronda de Nelle 19, baixo. A Coruña
ATAXENTAS	r/ Alcalde Lens 30. A Coruña
Frutería COCOLISO	r/ Emilio Glez. López 63 (Os Rosais), A Coruña
Tenda Ecológica SEMENTES	r/ Mercado 12. A Coruña
XIRICO, Tenda Verde	r/ Coruña, 44 e r/ María 84, Ferrol
OUTROS LOCAIS DE CONSUMO	
CÚRCUMA	r/ Brasil 4. Vigo (Restaurante Vexetariano)
CALMA CHICHA	r/Campo Castelo, 48. Lugo (Restaurante Vexetariano)
CABALIÑO DO DEMO	r/ Aller Ulloa 7, baixo. Compostela (Restaurante Vexetariano)
TRIÁNGULO DAS VERDURAS	Praza das Penas 2. 15704-Compostela (Rest. Vexetariano)
A COVA DOS RATOS	Romil 3, baixo, 36202 Vigo (Barra Alternativa)
BANIA	r/ Cordelería 7. 15003-A Coruña (Restaurante Vexetariano)
DISTRIBUIDORAS E ASOCIACIÓN/COOPERAT. DE CONSUMO	
Frutas MARTÍ	Mercanoroeste nº15, Montouto-Teo (Compostela)
Productos DAIQUI • Tf. 677-278651	Carballal, Rairiz de Veiga (A Limia)
Cooperativa TERRA • Tf. 981-512424	Galegos 28, Sta. Cruz de Ribadulla, Vedra (A Coruña)
Asociación ÁRBORE • Tf. 986-233497	r/ Arquitecto Pérez Bellas, 5 Vigo
Asoc. LOAIRA • Tf. 986-402828	r/ Campo das Redes 30, Redondela

*Este listado pode ser incompleto. Calquera información ao respecto é benvida

mercado ou as oscilacións das distribuidoras. Tamén existen tendas que distribúen producción propia.

DISTRIBUIDORAS

Un dos principais problemas no impulso da Agricultura Ecológica é a distribución. Cómo facer chegar os alimentos ás tendas sen encarecer de máis o producto. Muitas producións distribúen elas mesmas nas localidades máis próximas. Isto é, sen dúbida, o máis eco-

lóxico: canto menos gastos enerxéticos de transporte, mellor.

Sen embargo, é necesario unha infraestrutura para facer chegar ese producto, e mesmo traer alimentos de fóra que non se dan na Galiza. Desde outono do pasado ano, Frutas Martí distribúe frutas e hortalizas do resto do Estado e dalgunhas producións galegas, uns 1.000 kg na semana. Asimesmo, Productos Daiqui encárgase de formar a labre-

gos da Limia, comprar a sua producción e distribuila por tendas, e áinda atende a domicilio a unha serie de clientes fixos, do sur da Galiza e incluso doutros puntos do Estado (Madrid, Asturias, Cantabria), nun imaginativo e interesante esforzo, que ten como obxectivo principal preservar o modelo de hábitat seminatural das Veigas de Congostro. Ambas experiencias se manteñen polo interese nestes produtos dos seus promotores.

Por outra parte, muitos puntos de venta contactan directamente cos centros de produción ou con distribuidoras da Catalunya, como Hortec ou Elaphos.

COOPERATIVAS

Despois de varios intentos de creación de Cooperativas de Consumo Biolóxicos ao longo dos anos noventa, no ano 2000 xurden as asociacións Terra na área de Compostela, Árbore en Vigo e Loira en Redondela, todas funcionando e as dúas primeiras en proceso legal de constitución como Cooperativas de Consumo. Trátase dun modelo de maior compromiso e participación social, organizando ás persoas consumidoras en contacto máis directo co persoal productor. Na actualidade contan cada unha con perto de 60 socios (frecuentemente familias), e se manteñen con traballo voluntario.

PERSPECTIVAS E CONCLUSIÓNS

O número de puntos de venda está en constante incremento, posiblemente sobrepase os 30 ou 35 a fin de ano, tanto pola creación de nego-

cios ou asociacións de consumo, como pola mellora de distribución e incremento de demanda, que favorece o avance desta liña de produtos en muitas tendas convencionais e herboristerías. Tamén aumenta o número de producións no país, que áinda non chega a cubrir a demanda existente, vindo de fóra cenouras, cebolas, mazás... A produción na Galiza, ademais de xerar emprego, desenvolvemento e saude no país, vénese a un precio más baixo ao reducir os elevados gastos de transporte.

As perspectivas son favorables; así o entenden o 78% das enquisas (n=36). Existe demanda dos productos de maior consumo; os más citados, segundo @s enquisad@s, son, por este orde: cenoura, leituga, tomate, pataca, laranxa, cebola, mazá, allo-porro, acelga, espinafre e brócoli. Salvo casos puntuais, non existe problema para vender a produción, exceptuando algúns alimentos pouco coñecidos ou con pouco hábito cultural de consumos (cabazas, alcachofa, xermanados, cabacina, pepino, certas coles...). Na Galiza destaca a práctica ausencia de producións de fruta - salvo dúas producións de kiwi (en Ribadumia e Valdeorras) e algún servizo puntual-, que terían importante saída no mercado.

Integrar a agricultura tradicional resulta fundamental desde todos os puntos de vista, ecológico, socioeconómico e cultural, áinda que conta coa dificultade da escasa permeabilidade ás novas tendencias da xente de avanzada idade. Como noutrós aspectos xa sinalados, a falta de intervención e apoio das autoridades responsables é o principal freno a este

movimento, que por agora se desenvolve contracorrente, pese aos seus beneficios ecolóxicos, socioeconómicos, sanitarios etc... Unicamente facendo publicidade nos principais medios de comunicación, ou suministrando estes produtos a centros de ensino e de saude, estaría impulsándose enormemente a agricultura ecológica.

A xente que consume produtos biolóxicos é de todo xénero, edades e economías, áinda que destaca o grupo de idade entre 25 e 45 anos, fundamentalmente con fill@s, bon nível cultural e coñecementos de ecoloxía e saude. En xeral, parecen consumir más as mulleres, áinda que a predominancia do seu papel como compradoras do fogar pode confundir cun maior consumo. Tamén parece dominar a xente de poder adquisitivo medio ou medio-alto, sempre segundo apreciación das persoas que venden.

A xente labrega ten o seu traballo mui mal pagado, e áinda por riba quen consume pensa que os seus produtos son caros. En xeral, quen pensa isto nunca traballou a terra, e é víctima dos hábitos de precios e consumo mais espaldados. Eu recomendo visitar os lugares de produción (previa cita coas persoas que os traballan) e axudar áinda só un día en calquera horta. Aparte dos beneficios para a saude emocional e física, co simple contacto coa terra e o vivo, aprenderemos a respetar e valorar o traballo más puro, que nos sustenta e nos dá de comer.

*Asociación de Agroecoxía Alberte Rodríguez Pérez.
Escola Politécnica Superior. Universidade de Santiago de Compostela. 27002 LUGO. xoser@correo.lugo.usc.es



Praza das penas, 2 baixo • Telf.: 981 577 181
Santiago de Compostela



A OLIVEIRA

Rural Treilleiro, S.L.

Castiñeiro do Lobo, 2
15229 Ames

● 16/1 - 14/12
4 Hdb

Map showing the location of A Oliveira in Castiñeiro do Lobo, Ames, with a legend for room types (DV, HDB, etc.) and a key for the map symbols.

cafe-bar



a medusa
praza salvador parga nº 1

GALIZA É A COMUNIDADE CON MENOR PRESÉNCIA DA AGRICULTURA ECOLÓXICA

MANUEL SOTO CASTIÑEIRA

Segundo o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (1.2), no conxunto do Estado achaban-se rexistrados 13.424 produtores e 666 elaboradores de produtos ecológicos no ano 2000. A superficie total atinxia as 380.838 hectáreas e a produción comercializada superaba os 17.000 millóns de ptas. Sen embargo, o reparto por Comunidades Autónomas é mui desigual, destacando o feito de que Galiza se atope á cola en número de hectáreas (267 ha no ano 2000), e en porcentaxe da superficie adicada a agricultura ecolólica (Gráfico 1).

En canto ao número de produtores, Galiza atopa-se en sexto lugar, con 97 dos mais de trece mil existentes en todo o Estado. As comunidades autónomas á cabeza son Estremadura (170.127 Ha e 7.404 produtores) e Andalucía (69.041 Ha e 2.749 produtores), seguindo-lle Castela-León, Valéncia, Aragón, Castilla-La Mancha, etc. Por tipo de cultivo e en canto á superficie dominan os pastos e forra-

xes (167.470 Ha), segundo o olivar (71.351 Ha), os cereais e leguminosas (49.000 Ha), os froitos secos (24.900 Ha) e a viña (10.804 Ha), existindo tamén unhas 2.300 Ha adicadas ao cultivo de hortalizas e 3.300 ha a frutais, entre outras producções. Galiza é a única comunidade produtora de viños que non conta con ningunha hectárea de vide no rexistro. As 267 hectáreas de cultivos ecológicos no noso país distribúen-se por tipos de producções segundo se mostra no Gráfico 2. O 62% dos activos son recolectores de castañas e outros froitos do bosque.

No que se refere ás explotacións gandeiras, dun total de 1.082 explotacións rexistradas como ecológicas, 664 corresponden a Extremadura (delas, 400 de vacuno de carne e 200 de ovino), seguindo-lle Andalucía con 149 (tamén con predominancia de vacuno e ovino) e xa muito por debaixo Catalunya (44, mui diversificadas) e Castilla-León (42). Galiza contaba

no ano 2000 con só oito explotacións, das que cinco eran de vacuno de carne, duas de vacuno de leite e unha de aves; das 52 explotacións de porcino no Estado, ningunha delas está na Galiza.

Finalmente, o Gráfico 3 mostra a evolución do número de hectáreas e de operadores rexistrados no Estado. Podemos ver que 1995 foi o ano de despegue destas producções que, nalgúns territorios atinxiron xa un desenvolvemento importante. Algúns países europeus van a cabeza tamén nisto, como noutros eidos relacionados co medio ambiente. Así, en Áustria xa hoxe a grande maioria da produción agrogandeira é de tipo ecológico e Dinamarca ten fixado un obxectivo similar. Alemaña, país no que a crise das vacas tolas se desencadeou ao par que na Galiza, propuxo-se cedar en breve a reconversión dun 20% das suas producções ao tipo ecológico.

Mentres tanto, qué fai o goberno da Xunta de Galiza?. A parálise é a nota característica, cando non a acción totalmente errada. Durante a década dos noventa apenas foi capaz de sacar adiante o Consello Regulador de Agricultura Ecolólica, organismo público que segue a ser hoxe freo para o avance de muitas explotacións, por causa da sua limitada capacidade de acción, xa que conta unicamente con tres técnicos no seu cadro de persoal. O apoio ás novas explotacións ecológicas foi até o de hoxe nulo, e xa non digamos a investigación e a formación, ou a divulgación, cuestións chave que os produtores non poderán resolver individualmente.




Gráfico 1. Índice de superficie agraria útil (%) dedicado á produción ecolólica (Fonte: elaboración propia a partir das referencias 1 e 2).




Gráfico 2. Distribución por cultivos da superficie adicada a agricultura ecolólica na Galiza (Elaboración propia a partir da Web do CRAEGA)




Gráfico 3. Evolución da superficie e do número de operadores de Agricultura Ecolólica no Estado Español (Fonte: referencia 1)

REFERÉNCIAS:

1. Estadísticas 2000 Agricultura Ecológica en España. MAPA, Subsecretaría de Agricultura, pesca y Alimentación; Dirección General de Alimentación; Subdirección General de Denominaciones de Calidad y Relaciones Interprofesionales y Contractuales.
2. Anuario de Estadística Agroalimentaria 1999. MAPA.
3. Consello Regulador de Agricultura Ecolólica de Galicia (<http://www.craega.es/>).

REPORTAXE/ENTREVISTA A CATRO PRODUCTORES/AS: A AGRICULTURA ECOLÓXICA ARRANCA EN GALIZA SEN APOIO OFICIAL

COMISIÓN DE AGROECOLOXÍA DE ADEGA

Para tocar terra, para poder falarmos de futuro, imos presentalles catro casos de producións agrarias ecolóxicas. Uns son proxectos colectivos e outros individuais, pero todos supuñen unha mostra da iniciativa dos labregos e labregas, da ética coa terra e coa humanidade. Son proxectos que teñen como fin converter sol, terra, auga e coñecemento no máis esencial das nosas necesidades materiais: alimentos sans.

OS/AS PROTAGONISTAS**MANUEL GARCÍA (DAQUI):**

"A qualidade fala sempre por si propia".

"Sentimos o entusiasmo de Uxio Novoneyra quando nos seus versos asegurava que Galiza pode ser outra cousa"

XOSÉ MANUEL CASAL (HORTANOSA):

"O selo ou etiqueta é unha forma de garantía para os mercados lonxanos, mais non deixa de ser unha solución burocrática. O ideal é garantir a existencia de mercados locais ou de proximidade fortes, nos que o transporte, e polo tanto as necesidades de conservación, fora mínimo. A proximidade tamén permite garantir o coñecemento entre productor e consumidor, a única garantía real que pode funcionar".

"No SLG atopei o ambiente adecuado ás miñas inquietudes, e gracias a eles coñecín a outra xente que está na mesma órbita. Así naceu HORTANOSA".

BEATRIZ LIJÓ E MANUEL PÉREZ (TERRA):

"Criamos TERRA, unha cooperativa de traballo asociado que se encarga de buscar e distribuir produtos ecológicos na comarca de Compostela, tanto frescos como elaborados, de xeito que calquier consumidor pode abastecerse ao 100% na Cooperativa".

"Devemos tender ao autoabastecemento local de produtos de tempada e, cando ésta non sexa posíbel, recorrermos ao envasado destes".

XOSÉ LUIS CARRERA (ARQUEIXAL):

"Pouca confianza poden ter os consumidores na sanidade alimentaria cando poden estar á venda produtos que foron tratados con pesticidas que superan 10 veces os niveis de residuos autorizados".

"Eu dirialles aos consumidores que valoren máis a alimentación, que esixan produtos libres de transxénicos, frescos (sen conservadores nem aditivos), produtos enteros e integros, xa que con cada proceso desnaturalizamos o producto, e por suposto procedentes da agricultura ecológica".

Enviamos unha enquisa cuxos resultados presentamos aquí. Os entrevistados achegan-nos tanto os datos técnicos como os aspectos humanos e sociais da posta en marcha dun proxecto de producción ecológica. Insisten todos en que debemos coñecer como se producen os alimentos que consumimos, e piden aos seus clientes que os visiten.

DAQUI	
Que motivou o teu interese pola agricultura ecológica?	O sentido comum e a conservación do sistema agrario tradicional como o auténtico climax da relación entre o home e a natureza.
Cómo comezaches a producir?	A minha familia era lavradora e desde sempre praticou a agricultura tradicional da Límia. Desde há mais de 15 anos começamos a cultivar sem química e seguimos reafirmando nos principios da agricultura ecológica.
Producir en ecológico pode ser heroico. Cáles foron os principais atracos e as axudas que tivestes?	A falta de conocimentos e medios técnicos para favorecer o equilibrio natural da terra son as principais dificultades. As ayudas vienen da ilusión e o convencimento firme de que a agricultura sem agro-tóxicos é possível tecnicamente e viável economicamente.
Pero, é gratificante? Qué é o que más te entusiasma?	Sentimos o entusiasmo de Uxio Novoneyra quando nos seus versos asegurava que "Galiza pode ser outra cousa" e efectivamente a nossa terra deve ser outra cousa, pois progresar nom dever ser sinónimo de aniquilar, e producir nom o deve ser de destruir.
Qué lle dirías a aquelas persoas que están pensando en comezar a producir en ecológico?	Dous consellos: observación e perseverancia. E sobre todo que se deixem de lérias e que ponham quanto antes as maos ao sacho.
Como labrego, qué obxectivos tes para futuro da tua explotación?	O noso objectivo principal é aumentar e diversificar a produción, e sobre todo buscar umhas vias de distribución que sejam realmente justas, tanto para os produtores como para os consumidores.
Como vendes, a quien e onde?	Actualmente temos reparto en Vigo, Rendonda, Porriño e Ourense; tamén enviamos os nosos produtos a Madrid, Santiago, Gijón, etc.
Qué lle pides ós teus clientes?	Que procurem ter unha visión global das cousas e que apreendesen a valorar o traballo dos labregos. Os Labregos Daiqui convidamos aos nossos consumidores para que nos visitem e comproven "in situ" como se producen os seus alimentos.
Productos e prezos de venda (por unidad, mancha ou kg)	CONSULTAR WEB: pdaiqui.eresmas.com

DATOS TÉCNICOS DA EXPLOTACIÓN

NOME	Labregos DAIQUI	Asociacion de Horticultores HORTANOSA	Cooperativa de Traballo Asociado TERRA	Queixo Artesán da Ulloa-Asociacion ARQUEIXAL
Localización	Concello de Rairiz de Veiga	Lugar de San Mamede (Oleiros). RIBEIRA	Concello de Boqueixón. Comarca de Compostela	Alba, Palas de Rei
Enderezo	A Carballal-Rairiz de Veiga (Ourense)	Rua Touro, nº 21, 2º Santiago	Lugar de Galegos, 28-Rivadulla. 15885 Vedra	Alba-Palas de Rei (Lugo)
Tlf. de contacto	988-30-21-71	616-127837 (Manel)	981 512 424	982-380251
Superficie útil e características	20 Hectares	1.200 m ² invernadoiro, 1.000 m ² ao ar libre. Propiedad. 11.000 m ² en proceso de roturación	1 Ha	22 Ha (8 Ha en propiedad e 14 Ha en arrendamento)
Número de parcelas	NUMEROSAS	11	1	30

HORTANOSA	TERRA	ARQUEIXAL
Producir dunha forma respetuosa coa natureza, cos seus ciclos e necesidades. Tamén o desexo de colleitar alimentos sans, sen perigo para a terra, o consumidor ou para mim mesmo.	Producindo de xeito ecolóxico apostamos por dunha nova orde social que respeite a nosa saúde e a saúde do planeta.	Ver que a agricultura convencional destrue o medio no que vivimos. E querer sentirme ben co que fago e co que hei deixar ós que veñan.
Comenciei de cero, a miña explotación fixena roturando un monte de xestas e toxos, desde un principio en agricultura ecolólica. Fui adquirindo os coñecementos pouco a pouco, a base da propia experiencia, a lectura e falando con outros labregos.	Somos un grupo de persoas de diferente procedencia e comezamos nisto desde cero, xa que antes ninguén de nós seadicara á produción agraria, ainda que tiveramos contacto co mundo rural, ben por procedencia directa ou pola familia.	Meus pais eran labregos que practicaban a agricultura tradicional e eu incorporeime hai uns anos e practiquei unha agricultura sen abuso de fertilizantes nin fitosanitarios. Hai 3 anos empezei a reconversión á agricultura ecolólica.
O más difícil é ter a paciencia e constancia suficiente nos primeiros momentos, ate que na explotación se consigue un equilibrio que a faga viábel. É duro soportar a incomprendición de moita xente, incluso doutros labregos, ou ter que convencer ao consumidor da calidade das tuas colleitas. A principal axuda foi estar afiliado ao SLG.	A falta de experiencia e a necesidade dun período de recuperación e adaptación da terra ás novas formas ecológicas. Isto pode levar até 3 anos, e sen subvención algúnsa. A axuda veu doutros colectivos como o SLG, Daiqui, ou a Asociación de Agroecología Alberte Pérez.	É necesario telo moi claro e estar moi convencido, pois requiere moita enerxía e esforzo. Hai moi pouco asesoramiento técnico e ningunha axuda económica. Os atrancos son moitos e veñen de todo o que che rodea, que é convencional e non cree nisto.
O principal e que vivo, e nunca mellor ditó, cos pes na terra. A miña vida acóplase aos ciclos naturais nunha simbiose moi íntima coa propia natureza. Outras persoas dependen fortemente do que o mercado capitalista lles pon a disposición, mentres que o meu traballo permíteme unha certa liberdade e autosuficiencia.	Apostamos por un proxecto no que con recursos propios aspiramos a criar riqueza e a desenvolver unha comarca. Pero temos que dizer que nos atrae enormemente a posibilidade de traballarmos ao ar libre, sen horarios ríxidos, cunha dinámica moi variada e que pode resultar de grande creatividade.	O saber que dende o adubo que se lle bota ós prados, pasando polo pastoreo das vacas, o muxido, a elaboración do producto, o envase etc..., ata que chega ao consumidor, é todo feito de forma saudable para as persoas e o medio no que vivimos.
Se parten da agricultura convencional, decir-lles que ao principio pode ser duro, mais se perseveran ao cabo dun tempo os beneficios ven-se por si sós. E se empezan en ecológico directamente a níma-los e felicita-los polo camiño escollido.	Sobre todo, que empiecen pouco a pouco, de forma escalonada, pois os primeiros anos son os más duros, debido á falta de experiencia e a que a terra necesita un prazo para se recuperar das agresións sofridas.	Non desesperarse na reconversión, por que áinda que pareza difícil, como todo necesita un período de adaptación e despois todo vai sendo más fácil.
Incorporar animais á miña explotación, para dispor na propia explotación da suficiente materia orgánica. Tamén ampliar a superficie de horta ao ar libre, e poñer uns poucos frutais.	Abastecer as necesidades de produto fresco do noso grupo de consumidores. Temos que adquirir experiencia na produción natural de froitas e hortalizas e recuperar a fertilidade do terreo.	Poñer en marcha a diversificación da produción de leite, en queixo, iogur, leite fresco... Tamén temos en mente o agroturismo como un complemento a esta actividade
Vendo a seis froterías da Povoa do Caramiñal e Ribeira. Cando a produción é moi forte vendo-lle a máis froterías e incluso a algún maiorista de confianza. Algunhas familias e un restaurante da zona compran-me directamente. Tamén lle vendo á Cooperativa TERRA.	Vendemos os produtos a consumidores da comarca de Compostela, mediante pedimento telefónico e realizando un reparto semanal a domicilio. Para poder consumir é necesario pagar unha matrícula de 5.000 pesetas.	A todo tipo de tendas, restauración, turismo rural, supermercados, na propia granxa. A distribución facémola directamente. Só mandamos fóra de Galiza un 5 % da produción.
Ao vender nun mercado fundamentalmente local, a relación cos consumidores é moi directa, algúns incluso visitan a miña explotación, e o que lles pido é comunicación, confianza e que valoren na sua xusta medida os meus productos.	Que sexan responsáveis e analisen as consecuencias das suas decisións de consumo: o futuro está nas mans do consumo responsable, daqueles produtos sans para a terra e para as persoas. A calidade e a posibilidade de visitar o lugar de produción favorecen a confianza.	É difícil ter contacto con todos os clientes pero si o temos con moitos deles e lles pedimos que nos visiten para que vexan o que facemos e como o facemos.
Pemento de Padrón (400 a 150), Leitugas (75-125) Xudias (325-125), Couveflor (200-150), Repolo (150-100), Nabizas (75-125), Espinaca (75-125)...	Acelgas (175), Berza (190), Leituga (150), Patata (85), Porros (280), Fariña (230), Fava (630), Queixo (1380), Ovos (455)...	Queixo Nabiza: 800 ptas/peza. Queixo Arzúa-Ulloa: 700 ptas/peza. Iogur: 700 gr. 300 ptas/ ud. Iogur: 400 gr. 200 ptas/ ud.

OS ALIMENTOS TRANSXÉNICOS NON SON A SOLUCIÓN

ELVIRA CIENFUEGOS

Varios son os problemas cos que se enfrenta o mundo nestes momentos e un deles, tal vez o más acuciante, é o problema da fame: perto de 800 millóns de persoas sufren desnutrición, e da orde de 2000 millóns están subalimentadas. Por outra parte, asistimos a unha mengua constante e acelerada da diversidade biolóxica, garante presente e futuro para a alimentación, a medicina, o vestido,... As diferencias entre pobres e ricos aumentan cada día e os capitais concéntranse en moi poucas mans mentres medra perigosamente o número de pobres. A contaminación acumulada durante anos de actividade industrial afecta a auga, ó solo, ó aire; e pon en perigo a saúde humana. As últimas crises (polos con dioxinas, "vacas tolas",...) aumentaron a preocupación pola seguridade alimentaria, mentres continua o exodo do campo de milles de labregos e labregas, forzados polas novas políticas agroalimentarias. ¿Esta nos xenes a solución? Evidentemente, non.

O PROBLEMA DA FAME

É sabido que o problema da fame non é un problema de producción: mesmo no noso país temos exemplos de límites de producción impostos, como as cuotas lácteas; e países con grandes bolsas de desnutrición exportan alimentos, como a India ou Brasil. O problema da fame é más que nada un problema estructural. E unha cuestión básica é ter cartos para mercar os alimentos; non téndoos, é fundamental a supervivencia dos pequenos agricultores, que gardan dun ano para outro a semente. O cultivo de plantas transxénicas representa a fin desta práctica tradicional, aval da seguridade alimentaria de moitas familias labregas: as plantas transxénicas están protexidas por patentes e cada vez que se plantan hai que pagar dereitos ó posuídor da patente.

Por outra parte, algúns dos cultivos transxénicos que se están realizando non son máis, senón menos, productivos: así se ten revelado en variedades




de soxa (e tamén de algodón). E o que é más significativo: o seu principal destino é o alimento animal, e alimentar a persoas con alimentos de procedencia animal implica multiplicar a produción. Por se non fose suficiente, velaí a patente do xene "terminator", patente adquirida por Monsanto e que finalmente anunciou que non utilizaría porque ¿cómo podería seguir falando de quitar a fame cando incluiría nas súas plantas un xene que impedía a xerminación das sementes?

Os alimentos que hoxe se producen no Planeta darían, cun reparto xusto, para alimentar a toda a súa poboación, e sen embargo, son centos de millóns os desnutridos: guerras, inxusticia na distribución da terra fértil, pobreza, corrupción,... Os alimentos transxénicos responden a intereses comerciais, non á necesidade de xusticia social. ¿É razonable esperar que a biotecnoloxía das multinacionais vai resolver o problema de soberanía alimentaria dos países empobrecidos?

A PERDA DE BIODIVERSIDADE

A biodiversidade non só é un valor en si mesma senón que é tamén un recurso: para a alimentación, para a obtención de sustancias de interese terapéutico, para o vestido, a enerxía, etc. etc. Non obstante nos últimos tempos

asistimos a un ritmo crecente de desaparición de especies, algunas mesmo antes de seren identificadas, que se adoita cifrar en 3 á hora. E a estas perdidas non se escapan as variedades cultivadas: estímase que no último século desapareceu case o 75% da diversidade xenética dos cultivos más importantes, o que significa que a agricultura depende dun número cada vez máis reducido de especies e variedades e é, por tanto, máis vulnerable ás condicións ambientais (pragas, enfermidades, clima,...). Galicia non é aldea a esta situación; moi ó contrario: desaparecen de continuo variedades autóctonas, seleccionadas e conservadas durante anos, que son substituídas por outras concebidas para responder a un modelo agrícola ligado ó consumo de abonos químicos, herbicidas e outros produtos fitosanitarios. O valor ambiental das especies autóctonas ou tradicionais non é discutible, e por iso faise necesario unha actuación decidida por parte da Administración Pública de incremento e/ou implemento de medidas efectivas para a súa conservación, medidas que poden e deben ser tamén diversas: desde a elaboración de materiais divulgativos ata a promoción de coleccións "in situ", desde promover e apoiar os traballos de prospección e os "bancos de sementes" ata favorecer o intercambio comarcal, etc.etc., sempre desde a consideración de que a mellor maneira de conservar o patrimonio agroxeñético é cultivándoo e poñéndoo en valor. Introducir os cultivos transxénicos é continuar no camiño de perda de diversidade e abrir a porta ó risco de hibridación das variedades modificadas xeneticamente coas seleccionadas e conservadas durante moitas xeneracións.



O DESPOBOAMENTO RURAL

Milleiros de labregos e labregas abandonan o campo galego cada ano, unha situación que non é exclusiva de Galicia senon que afecta ás comunidades rurais de todo o mundo: a "economía global" orienta a agricultura cara un modelo intensivo baseado nas exportacións e na competencia que conduce á ruina das explotacións familiares. Frear o exodo rural e atraer novos asentamentos para o campo pasa por unha producción diversificada de alimentos sans e de calidade destinados ó consumo local agás nos seus excedentes. A especialización en alimentos que se poidan poñer más baratos nos mercados globais implica non só constantes investimentos de capital senon tamén vulnerabilidade perante as fluctuacións do mercado, cos conseguintes riscos que só uns poucos poden afrontar. Os cultivos transxénicos, controlados polas multinacionais desde as sementes ata a comercialización, pasando polos fertilizantes, transporte, almacenaxe, procesado,... aumentan a situación de dependencia dos agricultores, que, ademais veríanse inmersos na engranaxe da especialización crecente sen que o aumento de produción fose garante de aumento proporcional de ganancias.

A SEGURIDADE ALIMENTARIA

O modelo agrario actual, baseado na economía de mercado e alleo ó dereito de soberanía alimentaria, non só está levando á precariedade ó mundo agrario tradicional -creando dificultades de subsistencia, particularmente nos países empobrecidos, senon que tamén xera inseguridade a respecto da calidade e salubridade dos alimentos. As recentes crises (polos con dioxinas, listeriose, "vacas tolas", ...) suscitaron mesmo a necesidade de creación de Axencias de Seguridade Alimentaria, para velar especialmente polo cumplimento da legalidade vixente, legalidade que se vai modificando a medida que se detectan efectos negativos sobre a saúde: é coñecida a retirada de determinados aditivos alimentarios, inicialmente autorizados. Os alimentos transxénicos non poden contribuír a frear a inseguridade: sitúan ós seus consumidores e consumidoras no papel de "suxecto experimental" a espera de que se produzan efectos non desexados, para moitos dos cales existirá dificultade de demostrar a relación causa-


efecto. É o caso, por exemplo, da resistencia a antibióticos: o seu aumento nos últimos tempos relacionase coa inclusión de antibióticos na alimentación animal ou o seu uso inadecuado en animais ou en humanos; a necesidade de poñer coto á resistencia crecente non harmoniza coa autorización para consumo animal e humano de plantas transxénicas que inclúen este carácter, porque existe a posibilidade de que se transfira a bacterias patóxenas. (Na Unión Europea prevese a supresión de autorización de plantas con este carácter a partir do 2005)

A maioría das plantas transxénicas son resistentes a herbicidas. ¿Tería sentido utilizar plantas resistentes a herbicidas se non se prevese a utilización destes? E dos herbicidas, compostos orgánicos tóxicos, quedan restos nas plantas, que logo sirven de alimento. En países onde se autorizou o cultivo tamén se permitiu aumentar os límites de herbicida residual: en algúns multiplícaronse por 3, noutrós por 10. Os agrotóxicos xa son unha preocupación no mundo actual e os niveis considerados legais varían duns países a outros; a parte do risco de que se superen os permitidos, nunha hai seguridade de que por debaixo non teñan efectos negativos, a medio e longo prazo, sobre a saúde. Os cultivos transxénicos non contribuirán a eliminarlos.

Os alimentos son unha das causas de alerxias, e as alerxias están en aumento sen que se avance na mesma medida na detección do axente causal. Existen serias dificultades para determinar a capacidade alerxénica dos alimentos procedentes de organismos modificados xeneticamente, mentres se estima alta a posibilidade de que a poidan ter. A comprobación, en moitos casos, pasa por consumilos e esperar os resultados: outra vez "coellos de indias".

OS ALIMENTOS TRANSXÉNICOS, UN NOVO RISCO

Calquera nova tecnoloxía suscita esperanzas e medos: de todas se derivaron beneficios e costes.



A manipulación xenética dota á especie humana dunha capacidade de intervención nos seres vivos sen precedentes, pero obviamente perigosa en si mesma: por unha parte, sábese pouco da "ecoloxía dos xenes" e, por outra, os seres vivos están complexamente interconectados entre si e co medio, de xeito que a liberación de organismos xeneticamente modificados pode derivar en perigos potenciais de consecuencias impredecibles e sen solución coñecida (¿Como poñer freno á dispersión e multiplicación de microorganismos no medio natural? ¿Como evitar recombinacións que dean lugar a formas víricas especialmente patóxenas? Etc., etc.) Por tanto, de entrada, é imprescindible a precaución, o que implica, cando menos, tempo; e, a respecto da aplicación da biotecnoloxía xenética a agricultura, os ritmos non foron, precisamente, lentos: de 200 000 hectáreas plantadas no ano 95 con plantas modificadas xeneticamente pasouse a máis de 40 millóns no ano 2000. Precaución significa tamén avaliación de riscos, avaliação que non pode estar maioritariamente en mans das multinacionais que venden as sementes, e por tanto, as primeiras interesadas en obter beneficios económicos no menor prazo posible: precisánse estudos independentes e rigorosos, precisánse investimentos públicos antes da toma de decisións. E tamén significa análise e debate caso por caso: é a sociedade, finalmente, quen ten que decidir se procede ou non autorizar tal ou cal cultivo ou alimento en función das súas peculiaridades ambientais, sociais, económicas,... Pero os alimentos transxénicos chegaron a nós sen que puidéramos elixir, sen etiquetado que os identificara como tales: furtouse o dereito á información e á participación. Hoxe están en mans de multinacionais, que, ó seu través, concentran máis poder e máis control sobre as nosas vidas. E este é un risco engadido: non estamos só perante a tecnoloxía xenética, estamos tamén perante a biotecnoloxía das multinacionais, interesadas no seu propio beneficio e alleas ós dereitos individuais e colectivos.

PARA A DEFENSA DA NATUREZA COLABORA CON ADEGA

SE ES SÓCIO...

- Das-lle forza ao ecoloxismo e fas posíbel os seus proxectos de defensa da natureza.
- Apoias unha via alternativa de desenvolvemento ecolóxico e galego.
- Loitas contra a contaminación dos ríos e os mares, do solo e do ar.
- Favoreces a conservación dos espazos naturais, da flora e da fauna.

E ADEMAIS...

- Recibirás CERNA, Revista galega de ecoloxia e medio ambiente.
- Estarás ao dia a respecto das actividades que organiza Adega nas que, cando non sexan gratuitas, terás desconto.
- Poderás beneficiarte dun desconto no material bibliográfico de que dispón a Asociación.

Cada dia, a natureza está mais amiazada e mais degradada. A contaminación e os resíduos fan casi imposíbel unha vida san. O modelo económico baseado no consumismo leva ao esgotamento dos recursos naturais de todo o planeta, extendendo a probeza e a fame en enormes rexións. O equilibrio ecolóxico do planeta está en perigo: camada de ozono, efecto invernadoiro e cambio climático, amiazza nuclear, desertización, reducción da biodiversidade...

CUMPRE ACTUAR XÁ. NA GALIZA TAMÉN. FAI-TE SÓCIA/O

Agora podes consultar as actividades de ADEGA na nosa páxina web: www.ctv.es/USERS/adega

Ou utilizar o correo electrónico para contactar con nós: adega@ctv.es

ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA)

Rúa de Touro, 21 - 1º • 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA • Tf. e FAX: 981 570 099
E-mail: adega@ctv.es / Web: www.ctv.es/USERS/adega

Apelidos Nome

Data de nacemento Profisión NIF

Enderezo: C.P. Localidade

Provincia Teléfono Email:

CUOTAS FORMA DE PAGO

Inscripción como Socia/o

- (inclúe a suscripción á revista "Cerna")
- Xuvenil, estudantes, parados 3.500 ptas./ano
 Xeral 7.000 ptas./ano
 Superior: Anual 12.000 ptas.
 Trimestral 3.000 ptas.

Suscripción á revista "Cerna"

Suscripción anual (4 números) 1.700 ptas.

Suscripción a "Adega Cadernos"

600 ptas./número. (Para sócios/as 300 ptas./número)
(Periodicidade estimada 2 números por ano)

Banco ou Caixa Sucursal/localidade

Núm. de conta: (_____ / _____ / _____ / _____) Titular

Prego que até novo aviso fagan efectivos a Asociación para a Defensa Ecolólica de Galiza (ADEGA), con cargo a miña conta os recibos que ao meu nome lles presente a devandita Asociación.

Data: Asdo.:

Remitir este boletín debidamente coberto
ao endereço indicado mais arriba.

Bar

Cazadores

Rúa Magdalena, 144
FERROL



Tel.: 981 35 37 14
Fax: 981 35 37 16
Rúa Dolores, 35, baixo
15402 - FERROL

Jardinería ARCE

PODAS
DISEÑOS
DESBROZES
MANTENIMIENTO DE JARDINES

MAGDALENA 145 - BAJO
15402 - FERROL

TELF.: 981 351 955
MÓVIL: 617 459 775



UN RECENTE AUTO XUDICIAL DÁ A RAZÓN AO ECOLOXISMO

CELULOSAS COMETE "DELITO ECOLÓXICO"

Antón Masa – Presidente da APDR

ERA O 18 DE MAIO DE 1990 E O VECIÑO DA PARRÓQUIA PONTEVEDRESA DE SALCEDO, ARTURO ESTÉVEZ, DENUNCIABA Á CELULOSA POLOS DANOS OCASIONADOS NOS SEUS CULTIVOS; CON SEGURIDADE NON PODÍA IMAXINAR DAQUELA QUE A SÚA DENUNCIA, UNHA MÁIS ENTRE TANTAS OUTRAS, HABÍA DE TER UNHA TRASCENDENCIA MOI PARTICULAR. EN EFECTO, ESTA DENUNCIA MOTIVOU Á "ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA" (APDR) A SE PERSOAR COMO PARTE E ACUSAR AO COMPLEXO INDUSTRIAL DE LOURIZÁN POR "DELITO ECOLÓXICO" POLOS EFECTOS NEGATIVOS QUE OS SEUS VERTIDOS Á RÍA E AS SÚAS EMISIÓNNS ATMOSFÉRICAS TEÑEN SOBRE O AMBIENTE, OS ORGANISMOS VIVOS E A SAÚDE DAS PERSOAS. AGORA, O XUIZ CONCLUE QUE EXISTE VULNERACIÓN DA LEXISLACIÓN SOBRE CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA.

OS ACORDOS DO AUTO

Cando van alá cáséque once anos de dilixencias previas, o maxistrado-xuiz do Xulgado nº 2 de Pontevedra, D. Francisco Javier Menéndez Estébanez, dicta un auto xudicial que expresa –na súa parte dispositiva– dous acordos ben precisos:

- 1º.- Continuar o procedemento por un delito contra o meio ambiente contra os directivos da CELULOSA polas emisións atmosféricas da fábrica.
- 2º.- Arquivar os feitos relativos aos vertidos líquidos á Ría e á influencia das condicións ambientais dentro da factoría sobre a saúde dos traballadores por entender que os

meismos non son constitutivos de infracción penal.

Para o Xuiz existen probas da vulneración da lexislación en materia de emisións á atmósfera e da influencia negativa destas emisións sobre a saúde das persoas, os dous presupostos necesarios para poder tipificar esta conducta como "delito ecolóxico". Pola contra, non ocorre o mesmo para os feitos relacionados no segundo apartado.


Por máis que o auto poida non deixar contenta por enteiro a nengunha das partes, en absoluto se pode interpretar esta decisión xudicial como negativa para a nosa Asociación, e moito menos como unha victoria de

ENCE; ao meu entender, o auto é bastante máis favorábel ás nosas posicíons do que podería semellar á primeira vista e desde logo moito máis do que se tenou facer crer desde algúns sectores.

En primeiro lugar, é a primera vez que un xuiz decide actuar contra os directivos da CELULOSA pola comisión de "delito ecolóxico"; deixa hoxe eramos nós quen insistía na existencia deste delito, quen afirmaba que había unha incidencia negativa das emisións atmosféricas sobre a saúde; agora é un xuiz quen mantén estas mesmas posicíons, e isto fai cambiar sustancialmente a situación. Xa non se nos pode acusar de falsear a realidade ou de demonizar á empresa como gostan de dizer os cargos públicos de CC.OO. na nosa vila.

En efecto, o xuiz é contundente ao concluir (páx 21 do auto) que do estudo dos distintos informes recollidos nas dilixencias desprande-se que existe unha vulneración da lexislación tanto para SH² como para partículas sólidas: "Desprande-se claramente o incumplimento por parte de ENCESA da normativa sobre contaminación atmosférica, superando en ocasións os niveis de emisión fixados na norma ata 22 veces o citado límite", e ao engadir logo que este incumplimento "ha de tildarse, en consecuencia e dadas as medicións, en principio, de grave".

Establece tamén, en base ás explicacións que fai o "Instituto de Toxicoloxy" dos informes existentes sobre a incidencia de enfermedades nas zonas de Pontevedra e Marín, que existe unha relación entre a situación sanitaria destas zonas e os niveis de contaminación provocados polo complexo, por máis que non se poda inferir unha responsabilidade única nesta situación.



O AUTO DESCREBE A EXISTENCIA DUNHA FORTE CONTAMINACIÓN NA RÍA

En segundo lugar, que o xuíz entenda que os vertidos á Ría (ou os problemas de saúde dos traballadores de ELNOSA) non son constitutivos de infracción penal, que non poda tipificá-

OS MOLUSCOS ANALIZADOS NO BANCO MARISQUEIRO DOS PRACERES TEÑEN NÍVEIS DE MERCURIO DE 10 A 100 VECES SUPERIORES AOS DAS ESPECIES SIMILARES DOUTRAS RÍAS

los como “delito ecolóxico”, non quere dicer en absoluto –como se apresuraron a dicer os representantes da fábrica, os sindicatos CC.OO. e UGT e algún que outro político local– que os vertidos da fábrica non contaminen, ou que non estén a provocar o deterioramento da Ría, ou mesmo que non sexan ilegais; nada máis lonxe da realidade. Abonda con ler o auto na súa totalidade para ver que esto é así, e para entender qué razóns levan ao xuíz a tomar a decisión de arquivar estos feitos.

Os numerosos informes técnicos recollidos nas dilixencias previas, desde os ESCORPI I e II dos anos 1980 e 1982, ou o RENVCAMG do 1990 atá os da WEL (1993 e 1994) ou o máis recente do “Instituto de Toxicología” elaborado no pasado ano 2000, coinciden ao debuxar un panorama de forte contaminación na Ría provocada polos vertidos do complexo e un importante deterioramento do ambiente e os organismos vivos provocado pola existencia destes vertidos; así mesmo, coinciden ao dicer que é preocupante a incidencia actual e futura destes contaminantes sobre a saúde da povoación en xeral e dos traballadores do complexo en particular.

Fai fincapé o maxistrado cásique exclusivamente no problema do mercurio, o que desde o meu punto de vista constitúe un flanco férbel do auto, pois non se deberan ter deixado de lado outros parámetros como a Demanda bioquímica de oxíxeno (DBO), Demanda química de oxíxeno (DQO), sólidos en suspensión (SS), cor, temperatura,... que teñen tamén unha importante incidencia sobre o medio e os cultivos mariños; e máis se temos en conta os posíbeis efectos sinérxicos dos distintos contaminantes.

En calquera caso, e entrando de cheo no tema do mercurio, os resultados do RENVCAMG deixan ver que os moluscos analizados no banco marisqueiro dos Praceres (aínda sen sobrepasar o límite legal de 1 ppm en peso húmido) teñen niveis de 10 a 100 veces superiores aos das especies similares doutras Rías (páx. 5 do auto), e que este mercurio está maioritariamente en forma de metil-mercurio, como é sabido, a forma más tóxica deste metal pesado. Así mesmo, os valores de mercurio nos sedimentos son alarmantes, oscilando entre 0,6 e 1 ppm os valores atopados nas mostras obtidas fronte á ubicación da CELULOSA, afectando ao banco marisqueiro, que como informa a “Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura” en Maio do 1992 “...está danado debido á contaminación dos vertidos e filtracións do complexo ENCE-ELNOSA” (páx. 6).


Hai que destacar tamén que no Informe da WEL do 1994, conclúe-se que os sedimentos dunha canle pública, que trascurre na súa parte final dentro da factoría de ELNOSA, están fortemente contaminados acadando-se unha concentración de 12.200 mg/kg (páx. 8), e mesmo que a cantidade de mercurio na descarga da fábrica de cloro (tanto na saída individualizada como no efluente combinado coa da CELULOSA) supera os límites permitidos pola Directiva Cloro-Alcali (páx. 9); así, a media mensual de mercurio no vertido de ELNOSA foi de 6,06 g/t Cl² (o límite máximo permitido é de 0,5 g/t) mentres que para o vertido conxunto ENCE-ELNOSA, para o que a lexislación establece un límite máximo de 1 g/t, foi de 1,62 g/t Cl². A este respecto, e nesta mesma páxina do auto, o Informe do “Instituto de Toxicología” datado o 8-9-2000 di que “merece destacarse que os vertidos alteraron de maneira notable o medio ambiente receptor dos mesmos,

coa práctica desaparición dalgúns moluscos (mexillón silvestre na zona más próxima aos vertidos)...”

Indica tamén o auto (páx. 26) o incumprimento do Convenio asinado en Xullo de 1989 entre ENCE e a COTOP, que establecía uns límites de vertido para determinados parámetros (DBO, DQO, SS, cor, pH, Hg e organohaloxenados, medidos de xeito indirecto a través do parámetro AOX), e mesmo afirma (citando o informe realizado pola “Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura” no ano 1998) que unha parte do banco marisqueiro de Os Praceres atopa-se danada pola contaminación dos vertidos e filtracións do complexo ENCE-ELNOSA, afirmacións que coinciden basicamente coas conclusións do informe do “Instituto de Toxicología” do ano 2000, subliñadas xa con anterioridade, e que corroboran a existencia desta situación de deterioramento cando menos na zona más próxima ao vertido.

AFECCIÓN A SAÚDE

Sen entrar no que fai referencia á influencia que o mercurio ten nos seres humanos, direi que se teñen atopado concentracións medias de mercurio no ambiente das instalacións de ELNOSA superiores ás recomendábeis para as instalacións fabrís incluídas no anexo do BOE do 7-3-1962 ao “Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas” (RAMINP) do ano 1961 polo que (páx. 10 do auto) “será probable a aparición de efectos crónicos e agudos nos operarios de fabricación de celdas...” según afirma a “Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social” no seu informe da visita efectuada á fábrica nos últimos meses do ano 1980; direi tamén, que das análises de mercurio na ourina realizadas aos traballadores da fábrica de cloro, pode-se deducir que moitos deles



Pepe Salvadores

sobrepasan moi amplamente os valores de 35 microgramos de Hg/g de creatinina, valores que non convén sobrepassar dacordo coas recomendacións dos organismos sanitarios internacionais; chegan-se a acadar, no ano 1995, valores de 279 microgramos de Hg/g de creatinina (ou de 178,9 no 1997), o que para o "Instituto de Toxicología" "supón unha grave situación de risco, con probable dano para os traballadores".

Así pois, todo indica a existencia dunha probada contaminación da Ría e mesmo un deterioramento do ambiente e a saúde dos traballadores e da povoación en xeral; qué razóns poden impedir, xa que logo, que o xuíz conclúa a existencia de delito ecolóxico para os vertidos líquidos e contra a seguridade no traballo pola concentración de mercurio no ambiente interior da fábrica?

VACIO E PERMISIVIDADE LEGAL

Teremos que ver en primeiro lugar como define o Dereito penal español a figura do "delito ecolóxico", tendo en conta que no caso que nos ocupa é de aplicación o Código Penal hoxe derogado; dacendo co recollido nesta norma (concretamente no artigo 347 bis introducido mediante a Lei Orgánica 8/83) para poder tipificar como "delito ecolóxico" unha conducta perxudicial ao meio ambiente deben concurrir varios presupostos que poderíamos resumir deste xeito:

- a) terá que existir vulneración dunha lei, é dicir, os vertidos á Ría (ou as emisións á atmósfera,...) teñen que superar os límites fixados na lei para o vertido de que se trate.
- b) a posta en perigo grave do medio ambiente, dos organismos vivos

que alí existan ou da saúde das persoas, como consecuencia daquela vulneración.

Neste sentido, non se pode falar de "delito ecolóxico" no caso do mercurio nos moluscos do banco marisqueiro de Os Praceres, pois non se teñen superado os límites fixados na lexislación, por máis que esta contaminación sexa

**NO ANO 1995 ACADARON-SE
VALORES DE 279 MICROGRAMOS
DE MERCURIO POR GRAMO DE
CREATININA NA OURINA, FRONTE
AO LÍMITE RECOMENDADO DE 35.
ISTO, PARA O INSTITUTO DE
TOXICOLÓGIA "SUPÓN UNHA
GRAVE SITUACIÓN DE RISCO,
CON PROBABLE DANO PARA OS
TRABALLADORES"**

grave e teña levado á desaparición dun organismo vivo; non podemos falar tampouco de "delito ecolóxico" ao analizar as elevadísimas taxas de mercurio nos sedimentos da Ría, xa que (por incomprensíbel que poida parecer) non existe nengunha lexislación aplicável a este particular; nem sequera se pode considerar esta figura penal para o incumprimento do Convenio ENCE-COTOP, pois aínda no caso de que este incumprimento poña en perigo grave o meio, a saúde das persoas ou a vida dos organismos vivos, non existiría vulneración da lei, xa que o citado Convenio non se pode equiparar a unha norma xurídica. Así o indica o xuíz con total claridade na páxina 26 do auto, na que tamén engade que "*O mesmo sucede respecto ás dioxinas e furanos en vertidos ao mar ou ao medio acuático en xeral, a pesar da sua nocividade*".

Do mesmo xeito, e a pesares dos preocupantes valores de mercurio na ourina dos traballadores de ELNOSA, non se pode tipificar penalmente este particular, xa que (tal como reflicte o xuíz na páxina 32 do auto) en canto ao mercurio no sangue ou na ourina

"non existe lexislación, sinón normas técnicas", e xa que logo os valores fixados como recomendación son límites "sen carácter legal nem regulamentario, inoperantes para integrar o tipo delictivo".

Así pois, dacendo coa norma penal existente no Estado español, o xuíz non foi quen de decretar a existencia de delito ecolóxico para os vertidos do complexo á Ría, pero, insisto, cousa ben distinta é deducir desta realidade, froito da existencia dun baleiro legal ou dunha lexislación moi permisiva, a inexistencia de contaminación ou mesmo a legalidade dos vertidos do complexo CELULOSAS-ELNOSA; o próprio maxistrado expresao con claridade no auto (páx. 29) cando dí: "Todo o exposto no presente fundamento xurídico e no anterior, non significa que non exista contaminación, especialmente por mercurio, na Ría de Pontevedra, utilizando a noción nun sentido vulgar, e incluso no sentido técnico-xurídico do art. 2 d) RD 258/1989, de 10 de marzo,...".

CONCLUSIÓN

Con todo, non se debe esquivar que esta resolución xudicial é simplemente un auto, non unha sentenza firme, e que cabe interpoñer –así o fixemos xa– recursos e interesar a abertura de xuízo oral; ao meu entender, existen razóns dabondo para acusar de "delito ecolóxico" a ELNOSA polas emisións á atmosfera e polos vertidos hídricos (a propia inexistencia de licencia de vertido e o incumprimento da directiva Cloro-Álcali son algunas delas), e á CELULOSA polos vertidos á Ría (non só polo mercurio, senón pola DBO, DQO, sólidos en suspensión e disoltos,...), aspectos todos eles considerados nos nosos recursos de reforma e de apelación diante da Audiencia provincial. Non resta máis que agardar os acontecementos, e que a resolución final sexa favorábel aos nosos intereses como asociación defensora do ambiente, da saúde e da calidade de vida; en calquera caso debemos ser conscientes de que a vía xudicial non é a única, nem sequera é a máis importante na nosa loita, e que pase o que pase, teremos que continuar traballando pola consecución dos nosos obxectivos, que van más alá da propria desaparición do complexo CELULOSAS-ELNOSA da nosa Ría.



Pepe Salvadores

ELEMENTOS ECOLÓXICOS NA OBRA DO “IRMÁN DANIEL”(III)

EMÍLIO XOSÉ ÍNSUA



Sen ser exactamente un teórico do nacionalismo, á maneira de Risco ou Ramón Villar Ponte, e sen entrar tamouco na categoría de publicista que tiveron, poñamos por caso, Antón Villar Ponte ou Blanco Torres, Castelao acertou porén a explicar e condensar nunha obra realmente extraordinaria e decisiva, o **Sempre en Galiza**, as análises, as xustificacións, os obxectivos e a traxectoria do movemento reivindicador da personalidade nacional galega. Fixo-o con tanta lucidez que ainda hoxe, pasado ben máis de meio século desde a redacción da obra, o seu cerne ideolóxico continua actuante e vixente. Consegiu-no de tal xeito que o seu rigor e claridade expositiva seguen sendo molestos, por indiscutíbeis, para aqueles segmentos que pretenden restar lexitimidade e razón ao nacionalismo galego.

A primeira edición do **Sempre en Galiza** apareceu en Buenos Aires (Arxentina) en 1944. A segunda, tamén bonaerense, publicou-se en 1961 e incluiu vários capítulos do que había de ser unha segunda parte, que Castelao non chegou a rematar.

O libro inicia-se cunha espécie de prólogo, titulado “*Adro*”, que reproduce catorce artigos escritos para A Nosa Terra polo líder nacionalista durante o seu desterro en Estremadura nos anos

do chamado “biénio negro” republicano. O “*Libro primeiro*” foi escrito en Valéncia e Barcelona, xa durante a guerra civil, e está composto polos artigos que Castelao ía entregando ao boletín de escritores galegos antifeixistas **Nova Galiza** e á revista de orientación comunista **Nueva Galicia** (na sección titulada “*Verbas de chumbo*”). O “*Libro segundo*” data de 1940, e foi escrito en Nova Iorque e máis a bordo do transatlántico que trasladaba a Castelao desde esa cidade norteamericana a Buenos Aires. Na capital pratense escribe o “*Libro terceiro*”, en 1943. A derradeira parte da obra que nos ocupa, o “*Libro Cuarto*”, compuxo-a o rianxeiro tamén nun transatlántico, en 1944, durante a viaxe de regreso a Buenos Aires, desde Marsella, logo de ter demitido como ministro do governo republicano no exilio.

Sempre en Galiza é, pois, un tratado ensaístico con materiais moi heteroxéneos, escrito en épocas diversas e en diferentes circunstancias (marcadas sempre, iso si, pola condición de desterrado ou exiliado). Sen embargo, como teñen sinalado diversos estudiosos (Eduardo Gutiérrez, Manuel Rei, Beramendi...), hai un elemento que dota de unidade e sentido esta obra miscelánea: o feito de constituir, propositadamente, un tratado de patriotismo galego. Nesta obra hai, con efecto, materiais moi diversos que endebén cobrar todo o seu sentido á luz do programa ideolóxico defendido e praticado polo de Rianxo. No **Sempre en Galiza** achamos así achegamentos valorativos á historia da Galiza; propostas federalistas, partindo do principio da autodeterminación, para a reconstrucción do Estado español; aclaracións conceptuais sobre termos como *nación*, *estado*, *autodeterminación*, etc.; denúncias sobre o comportamento de certos persoeiros e sectores da República española (Casares Quiroga, por exemplo) con respecto ás aspiracións galegas de autogoberno; exposicións das reivindicacións e postulados básicos do galeguismo; amargas reflexións en voz alta do Cas-

telao que vive (n)o exilio; defensas apaixonadas do idioma galego, etc.

Ademais, resulta posíbel rastrexar neste magno ensaio párrafos, frases e ideas que denotan unha preocupación e unha sensibilidade que poderíamos calificar como ecoloxista ou naturista *avant la lettre*, feito que constitue a enésima proba da “modernidade” do pensamento do autor de **Os dous de sempre**. Vexamo-lo.

No “*Adro*”, Castelao relata-nos como en Badajoz, durante o desterro que padeceu en 1934-35 por obra e gracia do goberno Leroux, apenas si topou máis compañía que a de determinados animais. Un deses foi “*un can vagamundo, que me sigue a todas partes; un can morriñoso e vedreiro, que me fita con ollos de namorar; un can agradecido até o servilismo, que por unha pedra de zucré agarra por min na porta do café para facerme compañía no paseio de todal-as tardes...* Este cativeiro animal dame noxo e compaixón, e vénndo tan famento, tan luxado e tan manso, parécmeme un símbolo... ‘Aquí se muere de asco hasta el Obispo’”.

Outro, un burro que lle servía de espertador...: “*Polas mañanciñas as rúas de Badajoz éñchense de burros, e cando bate o sol no lombo d-un d-eles o seu orneo godalleiro fai ornear á mesma cibdade. No filo das oito da mañán ornea sempre un burro debaixo do meu balcón, e a probe besta entóa o himno da súa raza con tal forza aspirante e impelente que mesmo parez que están aserrando a esquina da casa. Entón eu abro os ollos, e ao despertar nunca sei onde me atopo*”.

Claro que non todas as compañías animais lle resultaron igual de úteis, consoladoras ou entrañabeis, como fica patente neste párrafo descriptivo dunha das longas e pesadas noites do verán de Badajoz:

“*Esta noite, sen querer, esmaguei unha chinche, e o noxo escorrentoume o sono. Xa se foi o cantaor da taberna veciña; xa cantaron os galos no debalo da noite; xa calaron os grilos dos fornos; xa paseian as chinches polos corpos rendidos. No meu tellado castañolean as cigoñas*”.

A contemplación e vivéncia da paisaxe estremeña, tan distinta á nosa, suixeriu-lle ao rianxeiro non poucas reflexións. Sen se atrever a respóstalo, deixou lanzado no **Sempre en Galiza** o seguinte interrogante: “*¿Qué diferencia eisiste ante un país agrícola que laboura con bois e vacas e outro que ten por motores de sangue o burro e a mula?*”. Noutro lugar aseverou, en coeréncia co antiflamenquismo profesado tanto por el como por outros dirixentes das Irmandades da Fala: “*As vacas e os bois merecen máis amor que os touros bravos*”. O seu ollo de artista galego foi quen de sintetizar tamén, en breves pinceladas verbais, a ‘eséneia’ da paisaxe da Extremadura española:

“Onte percorrín más de trinta léguas de terra estremeña, onde os ollos se perden nos triges e as oliveiras. Tamén vin montes inmensos, cobertos con aciñares, onde bulen pioleiras de cochos mousos”.

Mentres padecía o sol de xustiza do

ros de Corrubedo, no ar puro de Curtis, na paz vizosa do Lérez... E síntome fortalecido”.

Por outra banda, desde o seu desterro arremeteu Castelao contra certos protótipos existentes na cidadanía galega, retratando-os con ironía. Tivo palabras contra os adoradores críticos do progreso científico, contra os mimeticantes de todo o alleo, contra os urbanícolas, contra os papanatas das modas pasaxeiras, contra os desprezadores da cultura labrega e contra os corrompedores da paisaxe da Terra:

“Eles foron os supersticiosos do progreso. Adouraban o misterio da electricidade no miragre do arco voltaico, creían que a cultura viña polos aramios, ollaban nas máquinas a salvación do mundo, e para eles a letra de molde non podía mentir. Andan vestidos á moda que acaba de pasar, fuxen da raxeira do sol, tapándose con sombrillas, falan castelán por señoritismo, desprezan a cencia dos labregos e mariñeiros, pintan de aluminio os balcóns da súa casa e síntense moi orgullosos de que nas alamedas da súa cibade medren as palmeiras de África”.

No “Libro Primeiro” do **Sempre en Galiza** emprega abundantemente Castelao termos naturais para construír metáforas sobre o futuro rexurdir da pátria tras a guerra (“*Galiza é un gomo novo, que será ponla froleida na vella cachoupa de España*”), para ponderar o sacrificio de tantos mártires pola liberdade (“*Nós creemos que a auga doce dos ríos pode facer doce a auga salgada do mar; que a morte, enchéndose de vida, será vida*”), para desculpar os elementos do bando fascista (“*os piollos de Felipe II*”), para definir as plataformas desde as que o caciquismo fixera o seu labor de erosión da dignidade e da liberdade populares (“*o municipio rural de Galiza (...) é o tobo da raposería caciquil*”) ou para reflexionar sobre a frustrada experiencia republicana. A utopia federalista, sinala nese senso, morreu no transcurso dos debates das Cortes Constituíntes da 2ª República do seguinte xeito:

“A República federable era, pois, unha especie de melón bonito e fanecido a quén tivemos que amparar con

estadullos de sabugueiro. E ocorreu o que ocorre moitas veces: que morreu o arboliño e prenderon os estadullos amparadores”.

Por outra banda, reivindica aquí o noso autor a verdadeira alma da Galiza, que vive segundo el “*no instinto popular e nas entranas graníticas do noso chan*”, isto é, no Pobo e na Terra. Esta alma revela-se, non só na lingua, na cultura, no xeito de vivir e pensar, no sentido trascendente da vida e da morte, no amor á xustiza ou na predisposición para o lirismo característicos do pobo galego, senón tamén, subliñemo-lo nosoutros, “*na identificación amorosa coa terra*”.

A marcada entidade xeográfica galega, con fronteiras naturais perfectamente recortadas, desafiaba abertamente en opinión de Castelao os absurdos históricos centralistas, tanto cara o occidente (o Bierzo e as zonas limítrofes de Ourense e Lugo) como cara o sul: “*Non se pode creer que o río Miño, vello pai da Galiza (representado na franxa azul da nosa bandeira) siga sendo un lindero perdurable de dous Estados*”. Galiza, engadía o noso autor, “*é unha terra doce de formas porque é moi forte de entranas*” e o propio patriotismo galego constituía, antes que nada, un sentimento de amor á Terra-Nai:

“Ela fainos á súa semellanza, con terra, pedra e auga, que son carne, oso e sangue do noso corpo (...) Para nós a patria é un sentimento natural, inspirado en realidades sensibles aos cinco sentidos. A patria é a Terra. A Terra que nos dou o ser e que nos recollerá na morte como semenza de novas criaturas. A Terra, que cria frores nos campos para regalía dos ollos e albres para que canten os paxaros; onde atopamos sombra fresca no vrán e quentura garimosa no inverno; onde sufrimos as inquedanzas das semenzairas e gozamos a ledicia das colleitas; onde o vendaval brúa nas ponlas dos carballos e funga nas cordas dos barcos; onde canta o vento nos piñeiraes; onde esboufan as ondas do mar nos cóns da ribeira e runxen nos areaes; onde por primeira vez ollamos a choiva, a brétema, o sol, o luar, o arco vella e a noite estrelecida”.

En ton confesional, engadiría o autor do **Sempre en Galiza** a estas fremosas liñas sobre a identificación co país:

“Cómo lle queremos á Terra! Eu de min sei decirnos que si dispóns de morto tivese que voar máis alá das estrelas



estio estremeño (“choiva de lume peneirado, a caer na soedade das prazas”), ou paseaba polo chan das ruas de Badajoz (“un amoado de betún derretido”), ou procuraba a ilusión do frescor na noite, “a papar araxiñas”, Castelao, para soportar ese clima, non podía senón evocar saudoso algunas paisaxes galegas:

“I eu cavilo na sombra fresca das carballeiras de Lalín, nos piñeiraes da veiramar de Noia, nos arumes mariñeiros de Bueu, no cume do Monte Louro, na frescura do meu mar de Rianxo, na fonte cantareira da Estrada, nos salsei-

visibles, para ir a un ceo tan lonxano da Terra, que nunca máis poidera vela, de boa gana renunciaría á inmortalidade para rematar a miña vida debaixo dunha laxe e convertirme en herbas ven-tureiras".


O rianxeiro expresará no seu ensaio, efectivamente, unha visión da Galiza como anaco marabilloso do planeta, perfeita singularizado no conxunto peninsular ibérico, e mesmo chegará a contrapór consoladoramente a realidade dun amor acceso de todos os galegos/as e cara á terra-paisaxe que contrastaría coa feble conscientia patriótica e lingüística amosada pola maioria deles e, desde logo, coa actitude desprezativa e marxi-nativa dos "políticos de secano":

"Galiza é a mellor esquina do solar hispánico, cabo do mundo antigo e avanzada de Europa no mar inmenso da liberdade. A arquitectura barroca do noso chan, labrada en pedra granítica, está sempre cuberta por un manto de zugoso verdor. Os montes son redondos como peitos de muller e as serras son como lombos de boi cebado. Os valles son ledos e farturentos. O mar tolea de caraxe cando non o deixan penetrar na terra; pero cando entra, quedase adormecido no leito das rías. Galiza é unha unidade territorial armónica, de formas

e de coor, perfeitamente dife-renciada do resto da Hespaña (...) Cando un galego entra nas planuras de León ou de Zamora, síntese en terra allea, invadido pola tristura que producen os desertos. Cando entra en Asturias ten que afacer os seus ollos a un novo estilo de paisaxe. Pero cando traspón a fronteira portuguesa, síntese na propia terra, e non dá creto ás arbitrariedades da política histórica".

A este "Libro Primeiro" pertencen tamén os coñecidos razoamentos do rianxeiro sobre a superioridade dos humanos en relación aos animais, por efecto da diversidade lingüística e cultural, e as críticas aos modelos político-sociais que, coutando a liberdade dos individuos e os seus anseios de superación, procuraban inspiración para as sociedades humanas nas colonias de formigas e abellas:

"Algúns homes -galegos tamén-andan a falaren d-un idioma universal, único para toda a nosa especie. Son os mesmos que buscan a perfección bai-xando pola escada zoolóxica, deixa- sentiren envexa das formigas e das abe-



— Non teñás medo ningun, que este ano parecece que non hay Touros en Pontevedra.

llas (...) Mais eu dígoles que a variedade de idiomas, co-a sua variedade de culturas, é o siño distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores aos animais. Velahí vai a demostración: Un can de Turquía ousea igoal que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas arxentinas rincha igoal que un cabalo de Bretaña. ¿E sabedes por qué? Porque os probes animais ainda están no idioma universal...".

(vai continuar)

Programa de actividades



CONCELLO DE OLEIROS

OLEIROS

Comenza o VERÁN na Casa da Xuventude

Curso sobre APRECIACIÓN DO CONTORNO. ANÁLISE E VALORIZACIÓN DA PAISAXE
(22 ó 24 de xuño) Dirixido por Estudio de Arquitectura y Paisajismo (A Coruña)
Matrícula: 4.000 ptas.

Obradoiro de PROGRAMACIÓN E DISEÑO DE ITINERARIOS
(20 xuño) Dirixido por CEM, coop. No programa do CITA de divulgación ambiental
Matrícula: de balde

Conferencia BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS NA VIDA COTÍA
(27 de xuño) Programa de Divulgación Ambiental do CITA
Matrícula: de balde

ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL NA COSTA DE DEXO
(2, 17 e 28 de xuño)
Matrícula: 4.000 ptas.



Muelle do Inglés, C.C. A Fábrica
15172 - Perillo (OLEIROS)
Tel.: 981 636 598 - Fax. 981 639 592

Xornada de TRABALLO COMUNITARIO
(23 de xuño) Dirixido por Cooper@ctiva

Curso de INICIACIÓN Á FOTOGRAFIA
(2 ó 13 de xullo)

ACAMPAMENTO PARA DINAMIZADORES XUVENÍS
(9 ó 15 de xullo) Dirixido por Cooper@ctiva
Matrícula: 8.000 ptas.

Curso de GLOBOFLEXIA
(31 de xullo e 1 agosto) Do programa de formación da Dirección Xeral de Xuventude
Matrícula: de balde

E ademais (a confirmar as datas):
Sendeirismo, rutas a cabalo, víasxas a Parques Naturais, curso de iniciación á internet e deseño de páxina web, concerto de grupos musicais noveles,...
E ti ¿qué vas facer este verán?

ROTEIRO POLA SERRA DO CANDÁN

MARTIÑO NERCELLAS

A SERRA DO CANDÁN, UN DOS PRINCIPIAIS ESPACIOS DA MEDIA MONTAÑA GALEGA, CONTA CUN PATRIMONIO NATURAL, ARQUITECTÓNICO E ETNOGRÁFICO IMPORTANTE E EN BÓ ESTADO DE CONSERVACIÓN QUE HOXE SE ATOPA SERIAMENTE AMEAZADO. NO MOMENTO DE ESCRIBIR ESTÁS LIÑAS, UN 40% DOS SEUS PLANOS ALTOS ESTÁN A SER ARRASADOS POLA CONSTRUCIÓN DE DOUS PARQUES EÓLICOS, QUE NESTE CASO PODEN CONSIDERASE AMBIENTALMENTE NEGATIVOS. ESTAS OBRAS SON PRODUCTO DUN PLAN EÓLICO GALEGO, QUE AO ENTENDER DO MOVEMENTO ECOLOXISTA GALEGO, PROMOVE DOUS TIPOS DE PARQUES: OS "CONSTRUCTIVOS" E OS "DESTRUCTIVOS". OS PRIMEIROS PODEN SER ENTENDIDOS COMO UNHA ENERXÍA DE MENOR IMPACTO QUE OUTROS SISTEMAS DE PRODUCCIÓN ENERXÉTICA (CENTRAIS TÉRMICAS, ENCOROS...), E QUE POLOS TEMPOS CLIMÁTICOS QUE CORREN É NECESARIO PROMOVER. OS "DESTRUCTIVOS" SON AQUELES QUE TEÑEN UNHA INCIDENCIA AMBIENTAL SOBRE O MEDIO INCOMPATIBLE COA SÚA CONSERVACIÓN; ESTÁN NORMALMENTE PROMOVIDOS EN ESPACIOS DE ELEVADO VALOR NATURAL, NA MAIOR PARTE DOS CASOS RECOÑECIDOS OFICIALMENTE COMA "ESPACIOS NATURAIS PROTEXIDOS". A SÚA INCIDENCIA NEGATIVA NO MEDIO SUPERA OS BENEFICIOS QUE PARA O MEDIO AMBIENTE TEÑEN.

A difusión destes beneficios ambientais é mui recorrida polas empresas promotoras e aliados oficiais, pero que no fondo so lles interesa a produción e rendibilidade, coma se demostra nos parques do Candán, nos que comezarón as obras sen ainda ter os permisos ambientais necesarios requeridos pola lei. Por estes motivos, membros de ADEGA, de Sobreira e da FEG, acompañaron aos veciños e veciñas afectadas (roubo legal das súas terras por expropiación debido a unha suposta utilidade pública) de Fixó, Vilaríño, Soutelo de Montes, e lugares da Serra do Candán,

nun roteiro protesta por estas montañas, que a continuación describiremos.

O ROTEIRO

Reunidos no lugar de Fixó (Forcarei) os participantes deste encontro, unhas 75 persoas, ao redor das 12 da mañá, presentábase a necesidade de tomar unha decisión sobre o percorrido a realizar: o roteiro previsto para o caso de boas condicións atmosféricas ou unha alternativa desde un punto de vista metereolóxico máis recomendable. A situación no momento era a dunha choiva traballadora e unhas nubes boicoteadoras nos altos

da Serra, facendo que a visibilidade non pasara dos 15 metros, o que botaba dúbidas sobre a elección dun percorrido longo, que irremediablemente nos tería unhas sete ou oito horas no monte, comida incluída. O roteiro alternativo non mostraba a cara alegre da Serra, senón que discorría a pé de obra dos parques eólicos, un paseo menos gratificante.

Analizadas e valoradas as posibilidades, mostrámonos indiferentes ás inclemencias do tempo e iniciamos o que podemos chamar un "reto" roteiro, dadas as condicións climatolóxicas deste dia de finais de marzo. O primeiro aviso de choiva forte comezou ao minuto de partir, pero pouco a pouco foi desaparecendo e chegados a mitade do roteiro aparecía algúm que outro raio de sol.

A primeira parada tivo lugar no século XIV ou XV, é decir, nas neveiras do mosteiro de Acibeiro onde se fabricaba xeo a partir da neve caída e que según as referencias históricas chegaba a súa venda ata as terras de Castela. Probablemente son as únicas neveiras galegas que chegan aos nosos días, e pronto ficarán rodeadas de aeroxeradores e anchas pistas polas que chegara numerosa xente atraída por este monumento sen ningún tipo de protección.

A medida que avanzabamos polos altiplanos da Serra fixemos numerosas paradas interpretativas dos valores natu-



Muiño da devesa de Ameixedo, punto de parada no roteiro

rais. O lugar caracterízase por presentar un relevo suave que recolle unhas precipitacións anuais elevadas que forman por unha banda as brañas existentes no Candán, e por outra os manantiais que dan orixe ao nacemento do río Lérez, o Umia e o Deza. O estado de conservación da zona pode considerarse moi bo, dando fe disto a presencia de especies de flora e fauna pouco abundantes en Galicia, como son o bufo real (*Bubo bubo*), a tartaraña cincuenta (*Circus pygargus*), a gatafornela (*Circus cyaneus*), a águia cobreira (*Circaetus gallicus*), o falcón peregrino (*Falco peregrinus*), a águia real (*Aquila chrysaetos*), o sisón (*Tetraz tetrax*), o lobo (*Canis lupus*), o gato bravo (*Felis sylvestris*), a lontra (*lutra lutra*) e unha comunidade de herpetos e mórgulos amplia e variada, e plantas coma a *Thymalaea broteriana*, o *Ulex micranthus*, *Erica scoparia*, *Arnica montana*, etc.

Unha vez realizada a "parada técnica" das dúas para o xantar, ao final dos planos altos do Candán, os cales xa non volverán se-los mesmos (*en maio as retroexcavadoras e as máquinas de voladura proseguían o seu avance cara ao sur da Serra, conquistando xa catro quilómetros de altiplano*), iniciamos o descenso cara o val, pero antes escotiamos as

explicacións de dous xeógrafos de renome, preocupados pola desfeita dos montes galegos, sobre as peculiaridades xeomorfolóxicas destas montañas tan vellas. Desde o alto do camiño que nos leva o val obsérvase a superficie ocupada pola principal (polo menos en extensión) carballeira montaña da provincia de Pontevedra, e o tramo alto do río Deza que

de pistas e diáns liñas eléctricas a uns centos de metros de distancia.

Aquí abonda a auga, que baixa polo camiño empedrado, rodeado de dous valados de pedra que se adentran na devesa, e que chega a unha albariza de estructura peculiar, nunha Serra onde a presencia destas construccions é das más importantes de Galiza. O último rexistro escrito de oso nesta comarca data de finais do século XIX.

A historia fala da presencia dunha gardería forestal posta polo Mosteiro de Acibeiro, ao verse este incapaz de controlar as sacas de madeira que facían os habitantes da Serra que, entre os séculos XV e XVI, se negaban a pagar foros por dito aproveitamento. A produción de carbón foi moi abundante na zona, manifestándose hoxe en día nas numerosas plataformas semicirculares presentes no bosque. Na metade do século pasado este aproveitamento ainda tiña unha forte presencia, dando os mestres de escola e os sastres boa conta do carbón producido. No 1993 ainda se recollía a casca dos carballos para obter os taninos empregados no curtido de peles e na fabricación de tinta.

Entre o bosque pechado de carballos e acibos e alfombrado de musgo, o

A PRIMEIRA PARADA TIVO LUGAR NO SÉCU- LO XIV OU XV: NAS NEVEIRAS DO MOSTEI- RO DE ACIBEIRO ONDE SE FABRICABA XEO A PARTIR DA NEVE CAÍDA

baixa encaixado entre o monte do Testero e o Coco. Chegamos entón a aldea de Ameixedo, probablemente o conxunto arquitectónico rural mellor conservado do Concello de Lalín, ben integrado no medio e no borde superior da devesa. Curiosamente a Xunta pon más pegas para construir neste lugar un estable que para poñer 175 aeroxeradores con 15 km




CONSTRUCCIONES LIÑAGAR



Construimos o teu sonío

CONSTRUCCIONES LIÑAGAR S.L.

Avenida de A Coruña , 43
15185 Cerceda - A Coruña
Teléfono 619 589 751





Sobreira

Obras da estrada PO-200 o seu paso pola Serra do Candán

grupo chega ate o río onde existe un muíño e unha ponte de pedra, formada por dúas plataformas de pedras e unha lousa de dous metros, pola que cruzamos, sempre na sombra do bosque.

Estamos no quilómetro 9 do percorrido, e todo o que estivemos a baixar na última hora toca subilo pola ladeira contraria. O final do roteiro está próximo e os participantes comezan a facer un balance de todo o visto, sentido e vivido no día, coincidindo todos na sorpresa de acabar de descubrir un Candán prácticamente desconocido e de enorme beleza, e coa tristeza de saber que se unha vez volven xa non estarán no memos lugar que visitaron.

A DESTRUCCIÓN DA SERRA DO CANDÁN POLOS PARQUES EÓLICOS

A Serra do Candán foi incluída na proposta da Rede Natura 2000, e polo tanto no Rexistro de Espacios Naturais a finais do 99. Nunca a Serra estiverá baixo unha figura de protección oficial, a cal merecía e que probablemente quede corta, pois alberga os valores suficientes coma para ser Parque Natural. Pero a situación de protección teórica convirtiuse, na práctica dos anos 2000 e 2001, no peor momento polo que estes montes están a pasar. A transformación que está a sofrir é de grande impacto e cunhas consecuencias que o tempo dirá.

A situación ben dada principalmente pola construcción dos parques eólicos, ao que se ven a sumar a construcción dunha estrada de 9 metros de ancho, con carril lento, que sustitúe a estrada vella, cun escaso tráfico, nunha zona de montaña que requerirá fortes desmontes e a destrucción de tres carballeiras. Esta estrada pon a puntilla a destrucción deste espacio

natural "protexido". Curiosamente as dúas obras comparten maquinaria.

A empresa eólica Gamesa, un auténtico líder mundial no sector gracias o apoio da Xunta, ten licencia para construir dous parques eólicos na Serra, despois de construir tres na Serra do Cando, próxima ao Candán e tamén incluída na proposta Rede Natura. O proxecto inclue a instalación de 175 aeroxeradores, 2 liñas eléctricas, e abrir 15 km de pistas.

**A XUNTA PON MÁIS
PEGAS PARA CONS-
TRUIR NESTE LUGAR
UN ESTABLO QUE PARA
POR CENTOS DE AERO-
XERADORES, MAIS DE
QUINCE QUILÓMETROS
DE PISTAS E DÚAS
LIÑAS ELÉCTRICAS NO
INTERIOR DA SERRA**

A empresa presentou uns estudos de impacto ambiental cunha calidad técnica merecedora dun mui deficiente, xa que non menciona a inclusión do lugar na proposta da Rede Natura e no rexistro de espacios naturais en réxime de protección; o estudio de cada parque non menciona a presencia do outro parque, cando estes están pegados; tampouco menciona que na zona afectada existe unha liña de alta tensión, e que pretendan construir dúas liñas eléctricas co seu respectivo estudo, o cal non menciona os parques eólicos; os estudios veñen sendo unha copia do presentado para o Cando, con datos de estacións metereólicas

máis próximas a Portugal que o Candán; están asinados por unha farmaceútica e unha química, polo que non contaron na sua realización con expertos nos valores específicos da Serra; etc, etc...

No mes de decembro do 2000, e sen estar aprobadas e publicadas as declaracions de impacto ambiental (D.I.A.), informes vinculantes sen os cales non se pode construir, GAMESA entra no espazo natural protexido con catro palas, máquina de voladura, explosivos, e comeza as obras. Dez días máis tarde Gamesa ten que sacar os seus xoguetes da zona, e despois de cinco meses a Consellería de Industria sanciona á empresa coa friolleira cantidade de un millón de pts. A finais de decembro, GAMESA conta xa coas autorizacións definitivas, e coa declaración de utilidade pública: "Ahora comenzaremos a construir cuando consideremos oportuno".

A Directiva de Hábitats dí que nos espacios da Rede Natura só se poderán levar a cabo obras de interese público prioritario, que non é o caso. A D.I.A. dos dous parques recoñece o impacto das obras, pero considera que cun "amañito por aquí, y un tapadito por allí, mas que suficiente", e a Consellería de Medio Ambiente emite informes favorables.

As últimas declaracions do responsable de GAMESA en Galicia son extraordinarias polo seu contido científico: "Las aves rapaces no son tontas, como nos quieren hacer creer algunas personas, y saben volar entre los aerogeneradores", e con isto da por rematado o impacto na Serra. Tamén dí que pagarán a multa imposta por Industria.

* Martiño Nercellas é Biólogo e presidente da Asociación Ecoloxista Sobreira de Lalín.

REVISTA MENSUAL DE INFORMACIÓN PARA O DEBATE

TEMPOS

NOVOS



Para a defensa
informativa
de Galiza

Á VENDA EN QUIOSCOS E LIBRERÍAS

SUBSCRICIONES: Rúa dos Porróns, 8 -2º · 15705 Santiago
Por teléfono: 981 557 119
Por fax: 981 557 117
Por e-mail: tempos@jet.es

EXPOSICIÓN ANTI-VÍA RÁPIDA DO MORRAZO

O pasado martes 22 de abril foi inaugurada a Exposición Gráfica Itinerante da Plataforma Anti-Vía Rápida do Morrazo: "As razóns do non" –Argumentos para a defensa da comarca contra unha agresión anunciada– exposta neses días no Cafe Teatro do Real, en Moaña. En 18 paneis agrupados en catro bloques, Patrimonio Histórico, Espacios Naturais, Impactos das infraestructuras de comunicación e Alternativas, a Plataforma expón a situación das comunicacions na comarca de O Morrazo, a problemática actual e a que derivaría da construcción da proxectada vía de alta capacidade, propoñendo alternativas racionais, útiles para tódolos usuarios e respectuosas co patrimonio cultural e natural, ao tempo que compatibles cun desenvolvemento armónico e sostible. O acto de presentación contou coa intervención de persoas da Cultura e do Ecoloxismo galego, e ao mesmo corresponde o texto de Xosé M. Álvarez Cáccamo que reproducimos aquí.

Información: Plataforma Anti-Vía Rápida do Morrazo. www.arrakis.es/~morrazo



VIA RAPIDA

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO

Trátase de achair, ocupar, invadir e esnaquizar a xeografía e a historia completas do país coa monstruosa máquina esmagadora dun poder absoluto que non dialoga se non é co auditorio cómplice dos súbditos obedientes e interesados na inxesta miserábel das migallas ou, se cadra, nunha participación máis substancial en entremeses e postres. A esmagante ocupación traballa a partir dun programa exacto de reconversión territorial: xunqueiras e dunas, gádaras e matos, soutos e brañas... sucumben baixo a cuadrícula negra dos aparcamentos en primeira liña da maré máis alta e da colleita máis vizosa, á sombra medoña das grandes superficies e dos viaductos pendurados da néboa. Aldeas e arreuiros onde resiste ainda viva a memoria dun pobo en conversa de amizade natural coa súa terra son substituídos por ringleiras de chalets adosados con complemento de barbacoa en tixolo refractario e canizo plástico verde para pérgola, ledicia finsemanal dos cidadáns que viven un soño doente de corpos aglomerados como masa fariñenta a fervellar en feliz e bado-co éxtase de descerebración colectiva.

Para alcanzar os paraísos do calcinado bosque milenario, urbanizado en bloques de pesadelo monocromo e axardinado con salgueiros choróns, arbustos rosaverdiazuís e tremendas beirarrúas de lousa bicolor con farolas estilo neorexionalista-pop, compre percorrer o territorio fendido nas alturas por unha

fita negra, fechada na vertixe da súa propia ansiedade paradisiaco, a velocidades que inpidan todo contacto cos indíxenas en proceso de extinción. A tensa serpe moura é unha estrada á que chaman Vía Rápida e que asenta a filosofía do seu trazado nos tres principios fundamentais do movemento xeometricamente acelerado: diñeiro, diñeiro, diñeiro. Tres veces diñeiro destinado a tres señores que, xa de antes, cultivaban o latifundio das finanzas e que precisan do esterco veloz do alcatrán canalizado entre varandas de aluminio en dirección á leira das urbanizacions e dos paseos marítimos para que a colleita de euros transxénicos non se estrague na seca e medre máis e máis e máis. Unha vía rápida en dirección ás fontes do diñeiro.

Unha vía algo más lenta, por exemplo unha estrada que, ensanchadas as súas beiras, aberto en racional xeometría de circunvalación o seu rumbo cando fose preciso, percorrese as vilas e lugares que conforman o referente humano do territorio agredido, transportaría moito menos diñeiro cara ás arcas, huchas e petos dos señores ideólogos, promotores e propietarios (Santísima Trindade da Especulación Unha e Trina) da Vía Rápida. Produciría, iso si, un maior beneficio aos naturais do lugar, que verían mellorada as súas comunicacions interiores e resoltas -co sobrante que non se investise na faraónica fita velocísima- as infraestructuras sociais básicas das que carecen

(ambulatorios, centros culturais e educativos aceitados, por exemplo) sen grave deterioro nin irreversíbel esmagamento do seu mundo.

Pero ese mundo de seres humanos que habitan as vilas da beiramar e as aldeas do alto non constitúe nin sequera a decoración marxinal da Vía Rápida, desde onde só se verá pasar unha película ininteligível a seis mil revolucións por minuto, interrumpida con certa frecuencia polos cortes dos accidentes automobilísticos e ralentizada a cámara lenta de cine cómico e mudo nos embotellamentos do final do filme, a catro ou cinco kilómetros de Aldán, poñamos por caso. Un final certamente cómico para tanta presa, para tanta velocidade, para tanto risco. Un final demasiado mudo para tanto barullo de moedas, rumor de escuros intereses e brado de prepotente agresión, que serán inevitábeis se nós non nos poñemos a asubiar antes de que apareza en pantalla o león da Metro, a berrar contra o guionista, o director da película, os actores principais e mesmo contra o acmodador, desde aquí arriba, desde o galíñeiro, desde o anfiteatro dos curutos do Morrazo, desde a vía civil e democrática da indignación, desde a estrada principal do derecho a defender a nosa casa da invasión salvaxe do exército asfaltador, da intendencia especuladora, da bárbara cabalería que está a chegar en avance bestial pola Vía Rápida.

ASEMBLEA XERAL DE ADEGA

A Asemblea, celebrada o pasado mes de marzo en Santiago de Compostela, aprobou os informes de xestión e económico, así como unha serie de medidas organizativas que incluen a contratación de persoal para o apoio ao traballo nacional da Asociación. Asimesmo, elixiu a directiva para os seguintes dous anos e acordou as liñas prioritarias de acción para o 2001.

Na Xunta Directiva continúan Manuel Soto Castiñeira na Presidencia, Daniel López Vispo na Secretaría Xeral e Rocio de la Iglésia Prego na Tesourería. Xosé Salvadores Cobas asume a Vicepresidencia e Alberto Sánchez Regueiro a Vicesecretaria Xeral. Son vocais da nova Xunta Directiva Valeri Esteban, Xan Duro, Carlos Vales, Xabier Vázquez Pumariño, Xan Pouliquen, Antón Fortuna, Sabela García, Ransés Pérez e Elvira Cienfuegos. A Xunta Directiva contará, ademáis, cun representante de cada unha das delegacións locais.

Entre as liñas prioritarias de actuación que centraron o debate na Asemblea están a loita pola conservación dos ríos e dos espazos naturais, tendo-se acordado continuar co apoio ás accións de COGADER e a denuncia da masiva proliferación de par-



ques eólicos en espazos de interese natural, a reivindicación dunha xestión adecuada do lixo e a denuncia da incineración, a divulgación dos problemas de contaminación dos alimentos e os riscos dos transxénicos, xuntamente co apoio á agricultura ecolóxica.

Por último, a Asemblea valorou como mui negativa a actual situación ambiental na Galiza, a pesar de constatar un notábel incremento no número de socios/as de ADEGA e unha maior sensibilidade social e mobilización de colectivos afectados por obras impactantes, contaminacion e deterioración dos recursos naturais. Só se explica isto pola falla absoluta de sensibilidade ambiental por parte do goberno da Xunta de Galicia e a manifesta supeditación aos interese económicos dunhas poucas empresas.

DÍA MUNDIAL DA LOITA LABREGA

O 17 de Abril celébrouse o Día Mundial da Loita Labrega, Día institucionalizado por Vía Campesina, movemento que agrupa organizacións labregas de Europa, América, Asia e África que xuntas representan a millóns de traballadores e traballadoras do agro; apostan por un modelo de produción respectuoso co medio ambiente, por unha agricultura sostible da que poidan vivir pequenos e medianos produtores de alimentos sans e de calidade. ADEGA sumouse ás demandas que Vía Campesina plantexara para este ano (aplicación do principio de soberanía alimentaria, abolición das patentes biolóxicas, oposición ós alimentos transxénicos...) e, xunto con outras organizacións, participou na edición e difusión dun tríptico sobre os transxénicos, o segundo que edita sobre o tema. Ademais, dirixiuse ós Conselleiros de Medio Ambiente e Agricultura solicitando unha acción decidida cara a conservación das variedades autóctonas así como a súa oposición á patentabilidade da vida e ós cultivos de plantas transxénicas.

I ENCONTROS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

Organizados pola AS-PG, CIG-Ensino e ADEGA, coa colaboración do Concello de Poio, tiveron lugar os pasados 2-4 de marzo nesta localidade. Contaron coa participación de ensinantes en activo e doutras persoas que aspiran a selo, así como de xente que ven realizando actividades no eido da Educación Ambiental non formal. Serviron para reflexionar e debater sobre os obxectivos e a metodoloxía da Educación Ambiental así como sobre a súa situación actual no noso país e as previsións de futuro, e permitiron revisar algúns aspectos ambientais de actualidade (a productividade e contaminación das rías, os residuos

urbanos, a produción e consumo de enerxía) e expuxéreronse experiencias de Educación Ambiental con eles relacionados que se están a levar a cabo nos Centros de Ensino por parte do profesorado. Asimesmo, déronse a conhecer materiais e actividades deseñados e realizados dentro e fóra das aulas por parte de colectivos de Educación Ambiental, dos que o profesorado pode fazer uso cando así o considere. Resultantes da convención da AS-PG, CIG-Ensino e ADEGA, foron valorados moi positivamente, quedando aberta a posibilidade duns II Encontros, que moitos dos e das participantes reclamaban.

MOBILIZACIÓN CONTRA A AUTORIDADE PORTUÁRIA EN A CORUÑA

VERTIDO DE LODOS POSIBLEMENTE CONTAMINADOS NA PRAIA DE OZA

Desde o comezo hai uns meses do dragado da Dársena e do muelle Centenario da Coruña, os vecinos e veciñas do barrio de Oza-Os Castros denunciaron que eses lodos podían conter sustancias contaminantes, coma PCBs e metais pesados, resultado dos vertidos urbanos durante décadas. Estes lodos estabanse vertendo nunha balsa construída para o efecto na boca da Ría do Burgo, destruindo parte da praia de Lazareto e situándose perto dos bancos marisqueiros, polo que podería orixinar un perigo de saíde para bañistas e de contaminación dos produtos marisqueiros da Ría.


ADEGA denunciou na prensa a falla de transparencia e pasividade das diferentes administracións, sobre todo da Autoridade Portuaria, á cal lle solicitaron que fixera pública a composición dos lodos e o seu contido en contaminantes, xa que, segundo eles

suponen un escaso perigo de impacto ambiental, cousa que por suposto non fixeron. Así mesmo, cumpre destacar a total inoperatividade da Consellería de Medio Ambiente da Xunta e do Ministerio de Medio Ambiente do goberno central, que se inhibiron tanto de controlar o proceso, como de informar á ciudanía preocupada.

Todo o proceso de construcción da balsa de lodos, dragado e vertido tiveron escasos, por non decir nulos, controles para minimizar o impacto ambiental, xa que por exemplo a balsa non é estanca, pois dentro dela subía e baixaba a maré; asimesmo, durante a extracción e transporte dos lodos caían parte deles ao mar. As escasas informacións difundidas por Autoridade Portuaria non ofreceron ningunha garantía, dando a sensación de que tentaban facer o traballo as-

agachadas, unha actuación consideramos como un atentado aos veciños e veciñas de Oza en particular e de Coruña en xeral. En último lugar, supón outro ataque mais a unha xa estropiada fonte de riqueza coma foi a nosa Ría.

Por iso, ADEGA apoiou e colaborou cos veciños/as e coa Asociación de Veciños Oza-Gaiteira-Os Castros na convocatoria da manifestación que tivo lugar o pasado Xoves 3 de Maio, pola paralización dos verquidos de lodos tóxicos en Oza. Resultou ser un éxito, xa que contou coa asistencia dunhas 5000 persoas e aglutinou a diferentes axentes sociais: sindicatos, partidos políticos (agás o PP), asociacións culturais, APAs, federación de asociacións de veciños,... e amosou unha fonda preocupación cidadán polo tema e unha oposición á xestión do Porto.



2 xeitos de coñecer o mar (en o grove)

>
24 acuarios con representacións de diferentes biomas mariños, máis de 150 especies e máis de 15.000 animais, 2000 m² expositivos sobre os mamíferos mariños, o primeiro gran acuario da comunidade galega amósache os seus habitantes.



acquariumgalicia

986 73 15 15

tel 986 73 29 68

fax 986 73 29 68

loc punta moreiras s/n reboreda

e-mail info@acquariumgalicia.com

web acquariumgalicia.com



acuavisión / galicia

986 73 12 46

tel 986 73 12 46

loc pantalán #acuavisión

loc peirao de peralto

pob 36980, pontevedra
o grove.

>
buques semisombríos co casco transparente que te amosarán os fondos, hábitats e especies da ría de arousa.

CONCURSO MEDIOAMBIENTAL DO CONCELLO DE SANTIAGO

Entre as obrigas da Concellaría de Medio Ambiente está a de favorecer a formación dunha conciencia social para a defensa e mellora do contorno e a de sentar as bases para o desenvolvemento sostible. Esta función desenvólvese mediante políticas prácticas, pero tamén por medio de campañas formativas e de difusión encamiñadas á sensibilización da poboación en xeral. A preocupación polo medio e as súas problemáticas poden expresarse tamén a través da creatividade artística e o espírito innovador. É con esta convicción que o Concello de Santiago convoca a I Edición do Concurso Medioambiental de Compostela, entendendo ás seguintes

BASES

- I.- O concurso desenvolverase en tres modalidades, denominadas ECOCONTOS, ECOFOTOS e ECOIDEAS, nas que poderá participar calquera persoa física, e terá como tema común o medio ambiente en todas as súas variantes.
- II.- Todos os traballos serán orixinais, sen que se poidan presentar aqueles que xa participaran noutro concurso.
- III.- Os traballos presentados ó concurso non levarán nome do autor ou autora, senón que serán asinados con pseudónimo. Cada traballo presentado levará xunto un sobre pechado no que, por fóra, deberá figurar o título do conto, da foto ou da idea e por dentro o nome completo do autor/a, enderezo, idade, teléfono, título do conto, poesía ou proxecto e pseudónimo utilizado.
- IV.- Os traballos presentaranse por correo certificado, polo que toda a documentación citada na base anterior deberá remitirse ó Concello de Santiago, en sobre pechado, facendo constar no seu exterior:

"I CONCURSO MEDIOAMBIENTAL"

MODALIDADE:

Concello de Santiago

Departamento de Medio Ambiente

Praza do Obradoiro s/n. 15705 Santiago

- V.- O xurado estará presidido polo Alcalde do Concello de Santiago ou persoa en quen delegue. A composición do mesmo farase pública 15 días antes da emisión do fallo..
- VI.- A decisión do xurado, que será inapelable, adoptarase por maioria simple de entre os seus membros. O Concello resérvara a posibilidade de deixar deserto calquera dos premios do concurso.
- VII.- Os traballos non premiados devolveranse aos seus autores cando finalice o período de un ano que o Concello se reserva para a súa publicación ou explotación.
- VIII.- A técnica a desenvolver en cada categoría será totalmente libre, se ben teranse en conta as seguintes precisións:

I.- ECOCONTOS:

- As obras, que versarán sobre temas medioambientais, serán contos ou relatos breves, escritas en galego, inéditos e terán unha extensión mínima de 10 páxinas a dobre espacio.
- Establécese un primeiro premio de 400.000 ptas; un segundo de 200.000 ptas e un terceiro de 75.000 ptas.
- O prazo de admisión de traballos finaliza o 15 de setembro do ano 2001 e o fallo do xurado e entrega de premios realizarase na 1ª quincena de outubro do mesmo ano.
- A concesión do premio implicará a cesión en exclusiva ó Concello dos dereitos de propiedade intelectual e explotación dos traballos premiados, nos termos da lexislación vixente (R.D.L. 1/1996, do 12 de abril).

- O Concello de Santiago resérvara así mesmo, durante un ano, o dereito de publicación das obras presentadas e non premiadas. Neste sentido, os autores renuncian, a prol do Concello de Santiago, na primeira edición, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor. Non obstante isto sen preuixido de que os autores poidan fazer uso dos dereitos de explotación que lles corresponden.

2.- ECOFOTOS:

- O prazo de admisión de traballos finalizou o 7 de maio do ano 2001 e o fallo do xurado e entrega de premios realizarase na semana do 4 ó 8 de xuño do mesmo ano

3.- ECOIDEAS:

- Poderán presentarse dous tipos de traballos:
 - 1º. Ensaios e textos de divulgación sobre cuestións ambientais. Neste caso os traballos deberán ter unha extensión mínima de 25 páxinas e mecanografiados a dobre espacio.
 - 2º. Propostas e proxectos innovadores que busquen mellorar a calidade de vida desde o punto de vista ambiental e promover o desenvolvemento sostible. Neste caso o xurado tomará en consideración tanto o carácter innovador da proposta ou proxecto como a viabilidade da súa aplicación práctica no Concello de Santiago.
- Establécese un primeiro premio de 400.000 ptas; un segundo de 200.000 ptas e un terceiro de 75.000 ptas.
- O prazo de admisión de traballos finaliza o 15 de setembro do ano 2001 e o fallo do xurado e entrega de premios realizarase na 1ª quincena de outubro do mesmo ano.
- O Concello de Santiago resérvara todos os dereitos de propiedade intelectual e explotación das obras premiadas e, durante un ano, os dereitos de publicación e explotación das obras non premiadas. Neste último caso, sen preuixido de que os autores poidan fazer uso dos dereitos de explotación que lles corresponden.
- XI.- A participación no certame supón a plena aceptación destas bases, sobre as que diante de calquera dúbida prevalecerá única e exclusivamente a opinión do xurado.



EN DEFENSA DA TERRA, DAS RIAS E DOS RIOS:

Domingo 10 de xuño, ás 12 da mañá, MANIFESTACIÓN en Vilagarcía, acto reivindicativo con motivo do Dia Mundial do Meio Ambiente. Convocan diversas organizacións sindicais, políticas e ecoloxistas.

ROTEIRO: Sábado e domingo 16 e 17 de xuño, roteiro pola PENA TREVINCA e a SERRA DO EIXE, no sureste de Galiza. Protección e conservación destas serras. Autobús desde Lugo.

MANIFESTACIÓN ANTIGLOBALIZACIÓN: Con motivo dunha próxima reunión do Banco Mundial, esta manifestación estaba prevista para o domingo 24 de xuño, ás 5 do serán, en Barcelona. ADEGA estaba a organizar unha representación ecoloxista da Galiza, pero no momento de pechar a redacción de Cerna saiu a nova de que o Banco Mundial cancelaba a sua reunión. No

caso de que se confirme, poñer-se en contacto con ADEGA para informar-se sobre a viaxe.

ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES EN CUBA

V Taller Internacional de reciclaje "RECICLAJE'2001". Días 17,18 e 19 de Xullo de 2001. Palacio de Convenciones de la Habana (<http://www.metanica.islagrande.com>)

II Taller Internacional "La Educación Ambiental para el Desarrollo Sostenible". Do 24 ao 28 de Setembro de 2001. Universidade Pedagóxica "Juan Marinello". Matanzas (E-mail: almeida@cdict.umtz.edu.cu).

III Evento Internacional BIODIVERSIDAD Y TURISMO "BIOTUR 2002". Do 26 ao 30 de Outubro de 2002. Holguín (E-mail: delsstt@mars.solmelia.cma.net).

L I V R O S**Globalización e cambio de milenio**

Aula Castelao de Filosofía. Colección Universitaria. Edicións Xerais, Vigo, 2001.

Dentro da colección Universitaria de Xerais, que ven publicando ensaios relacionados coa realidade social, política e económica da Galiza, aparece esta compilación de textos que serviron como base para as diferentes conferencias que coa premisa de "globalización e cambio de milenio" foron desenvoltas na XVIIª edición (2000) da Semana de Filosofía-Aula de Castelao de Filosofía.

A Aula de Castelao de Filosofía naceu en Pontevedra en 1984 co fin de crear un foro de debate multidisciplinar onde reunir intelectuais de todo mundo co obxectivo de pensar os problemas do presente a través da filosofía, na súa dimensión crítica e transformadora. Un foro que trate temas de actualidade con fortes implicacións sociais que baixo a idea de *onde hai poder, hai resistencia*, fronte a un pensamento único, analice os efectos da actual globalización dende unha perspectiva non reduccionista nem exclusivamente económica.

Esta compilación de textos está dividida en dous grupos de autores. O primeiro deles corresponde a unha análise do ámbito xeral onde conceptos como sociedade postindustrial, postmoderna ou global ocupan o seu espacio afianzadas coa argumentación común dos autores acerca dun novo imperialismo baixo unha nova redefinición ideolóxica (neoliberalismo):

Jame Petras (militarización e imperia-

lismo), Ignacio Ramonet (tecnología), Emilio Lledó (cultura), Jorge Álvarez Yagüez (política) e Oswaldo Martínez (economía).

O outro grupo de autores, neste caso galegos, baseándose na dialéctica globalidade-localidade, re-construyen unha identidade da Galiza do ano 2000 no marco dunha interdependencia europea e estatal: Enrique Sáez Ponte (economía e sociedade galega), Xosé L. Barreiro Rivas (a

identidade galega), Luís Álvarez Pousa (cultura, comunicación e política), Herminio Barreiro Rodríguez (educación). Bótase a faltar unha pequena biografía dos autores, pero a variedade e profundización temática ben o suplen.

Guía didáctica OS INCENDIOS FORESTAISS EN GALICIA

Xesús Pereira López. Colección Guías didácticas Baía Verde. Baía Ediciones (www.baiaeditions.com). A Coruña, 2001.

Esta unidade didáctica sobre os incendios forestais no noso país é unha ferramenta ben recomendable para os/as educadores/as que desexen desenvolver actividades relacionadas co que ainda é un dos más graves problemas da sociedade galega. Tamén resulta de interese para persoas a título individual que queiran, de xeito rápido e rigoroso, achegarse á problemática incendiaria. O seu autor, Xesús Pereira López, é profesor de ensino medio, ecoloxista activo (foi vicepresidente de ADEGA ata hai pouco) e autor dunha tese de doutoramento sobre os efectos dos incendios en comunidades de mato.



A unidade, de 70 páxinas, aborda as causas estructurais e inmediatas dos lumes e os seus efectos, con especial atención aos ecológicos (solo, recursos hídricos, fauna, vexetación, atmosfera). Coñecer ben e atacar as causas estructurais (as que favorecen a aparición e extensión do lume) é fundamental para solucionar de verdade o complexo e difícil problema dos incendios. O Goberno galego non ten en conta esta premisa, preferindo centrar os seus esforzos na extinción e na minimización da importancia real do problema ("maquillaxe" das cifras de superficies quemadas, control dos medios de información,...), procurando só rendementos electorais a curto prazo.

A guía, ilustrada con numerosas gráficas, complétase cunha relación de 24 diapositives comentadas sobre os aspectos más relevantes dos incendios e unha proposta de actividades.

PREMIOS OSÍXENO E DIOXINA

Víctor Mosqueira fai entrega do premio a Paloma Fernández, da coordinadora antiencontro do Úmnia

Os premios ambientais osíxeno e dioxina, sen dotación económica, están promovidos pola Asemblea local de ADEGA-Compostela, e teñen por obxectivo, por unha banda, o recoñecemento social e potenciación das iniciativas e accións destacables na defensa, conservación e mellora do noso medio ambiente, e por outra o rexeitamento de accións ou políticas ambientalmente negativas.

Consistiron na concesión dun diploma conmemorativo da edición e dunha réplica dun cartel histórico de ADEGA. Foron entregados a noite previa ao Día da Terra, o 21 de abril, no transcurso dunha cea que tivo lugar no restaurante *O Dezaseis*.

PREMIOS OSÍXENO:

Concellería de Medio Ambiente de Compostela; Coordinadora Antiencores de Caldas, Cuntis e Moraña e Coordinadora Galega pola Defensa dos Ríos (COGADER); Cooperativa TERRA; AMARANTE-Ecoloxía e solidaridade; Federación Ecoloxista Galega (FEG)

PREMIOS DIOXINA:

Aos maiores atentados ecoloxicos: A Concellería de Medio Ambiente; o Concello de Porriño.

Á falla de sensibilidade ambiental: A Papeleira de Brandía S.A.; a Augas de Galicia.



GLOBALIZACIÓN
E CAMBIO DE MILÉNIO

Aula Castelao de Filosofía



Semana do Medio Ambiente

(DO 4 AO 8 DE XUÑO DE 2001)

Aula de Cultura de Caixa Galicia. Carreira do Conde nº 18. Compostela

4 de xuño:

Ás 20 H. Conferencia "Conservación e xestión dos recursos naturais: materia pendente", por *Marilar Aleixandre*, catedrática da Didáctica das Ciencias na U.S.C.

Ás 21:30 H. Grupo de teatro **Mofa e Befa**

5 de xuño:

Ás 11 H. Plantación simbólica de árbores por escolares de Compostela.

Ás 20 H. Conferencia "Alimentos transxénicos: para que?", por **Elvira Cienfuegos** (ADEGA)

Ás 21:30 H. Proxección do filme en V.O.S. *Acción civil*.

6 de xuño:

Ás 19 H. Conferencia "A contaminación electromagnética: os efectos da telefonía móvil", por **Pedro Costa Morata**.

Ás 21 H. Proxección do filme *Entre xigantes*.

7 de xuño:

Ás 12:30 H. Entrega dos premios do concurso medioambiental **EcoFotos do Concello de Compostela**.



VENRES 1 E SÁBADO 2 DE XUÑO, ÁS 23,00 h.

ULTRANOITE LIXO



NAVE DE SERVICIOS ARTÍSTICOS

San Lourenzo, 51 I SANTIAGO D.C.
E-mail: info@salanasa.com
Site: www.salanasa.com

Coa colaboración de ADEGA

O espectáculo máis irre-verente da noite compostelana celebra á súa maneira o Día Mundial do Medio Ambiente.

TELELIXOCOMIDALIXOVERTEDOIROSINCINERADORASSEXOECOLOXIA...
COMA SEMPRE HUMOR DE RECICLAJE PARA USAR E TIRAR NO LUGAR CORRESPONDENTE.

ACTUARÁN
CHEVEREM OFAEBEFACOOLHAMSTER
TRESTÁNS MALABARANDAMOTHERFU
CKERS XURXOSOUTOPE-
PEPENABA DEMONTICASTIÑEIRAS MÓ
NICAGARCIAEM OITOS MÁIS...

Reserva de entradas no 981 573 998
ata o 31 de Maio



Xacobe Meléndrez

A NEGRA TERRA

De falar, falarei coa terra.
A terra verdadeira,
a negra terra
onde prende a raíz.
A terra que se pisa.
A terra que se quelma e que se crava.
Ese enorme lenzo onde o home debuxa o seu capricho.
Onde o home se perde e se revolve en sombras.

A negra terra,
ese corpo de puta vella con dentes amarelos de tabaco,
con olleras negras de tan azuis.
De falar, só con ela falarei
e falarei coas mans,
docemente coas unllas,
coa palxón dun amante,
como falan, cando albiscan a morte, os xabaríns feridos.
Coa terra, con esa negra terra
que cuspe, como sangue do peito, primaveras.

Manuel Rivas

Cerna, a túa revista, naturalmente